

VII
*Certame
Literario*
Concello de Paradela

Premios poesía e narrativa



*Manuel-Orestes
Rodríguez-López*

VII
*Certame
Literario*
Concello de Paradela
Premios poesía e narrativa



*Manuel-Orestes
Rodríguez-López*

É Paradela terra de camiños, encrucillada de rutas, Camiño de Santiago, vieiro de estrelas “Vía Láctea” pola que circula o POETA-OBREIRO de Paradela, irradiando cultura, exemplarizante desde o seu compromiso durante a súa vida física e agora a través do seu certame literario.

Se no lonxano século IV a. de C., o orador ateniense Isócrates afirmou que: “una colección de bellas máximas es un tesoro más apreciable que las riquezas”, eu preguntome qué sería desas catrocentas obras xa existentes nos arquivos do Certame e, en especial, dos traballos que acadaron o galardón de gañadores e figuran impresos nos libros de publicación anuais. Ben seguro que ficarían só na mente dos seus autores e perderíanse para o resto da humanidade, por certo, tan necesitada de estímulos espelidores. Así que me atrevo a afirmar que Manuel Rodríguez López segue a ser a “SEMENTE AVIVECEDORA” que xermola extraordinariamente.

Como exemplo do que estou a dicir, basta con votar unha ollada e coidar a onde irían a parar obras como a de Terrín Benavides “Regresar a Galicia con los brazos abiertos” que, por certo, conecta moi ben co sentido do meu comentario.

.....

“ ¡Oh romance de amor que purifica!
Al alba, cuando Dios abre la puerta
de esta luz infinita, magna oferta,
la eternidad revienta y me salpica.”

.....

Ou qué sería de “O reloxo dos Outonos” de Baldomero Iglesias Dobarro, que tamén vén a conto,

.....

“Tempo exacto da existencia,
tempo sereo que corre,
filósofo, sabio e poeta
entre pausas e sabores.

Tras da noite ven o día, ...sabores e sensabores.

É tempo de recollerse e estimar mellor a vida.”

.....

E así poderíamos continuar cos galardoados nesta sétima edición ,
“Sueños” de Salvador Moreno Pérez

.....

“que los siete colores
han excluido el negro del arco de la tarde
y el lienzo de la noche tan sólo es el ropaje
que lucen las estrellas.”

.....

Ou “Longo océano de ausencia” de Simón Iglesias Posse

....

“Ausencia

¿E cómo encher os minutos mortos?

¿Cómo non ter furia nas veas?.

Se cando estiveron

eu só era

un títere ridículo de feira.”

.....

Así poderíamos lembrar todas e cada unha das obras existentes que conforman un gran volume de traballos cheos de ilusións, de profundidade, desenvolvendo cada quen a súa sensibilidade creadora, aleccionándonos a todos, e todo iso gracias ó noso MESTRE que actúa de nexo ou fío conductor, que polos vieiros mencionados ó principio deste escrito xermolan debido á sementeira por el creada.

Un balance positivo

(Sete edicións dos

A doce anos da ausencia físico-temporal do noso benquerido Manolo (Manuel-Orestes Rodríguez López, Febreiro, 1990) e a sete do “1º Certame de Narrativa e Poesía” (1995) cómpre facer balance do camiño andado. As sete edicións do Certame (1995-02) e a publicación da súa biografía (2000) foron dous piares que axudaron a manter viva a súa presenza. Unha débeda cumprida. Nesa liña naceron e medraron os certames: Para honra e espallamento da súa vida-obra, para coñecemento dos que non tiveron o gozo de tratalo e para animar ós poetas (noveis e veteranos) a segui-las súas pegadas e de alimenta-lo espírito dentro dun mundo engaiolado polo materialismo consumista.

A publicación da VII edición dos premios é unha boa oportunidade para dar fe do realizado ata agora e de infundir azos cara o futuro. O balance é felizmente positivo. Débese ó esforzo, colaboración e entusiasmo dun grupo de persoas, da propia familia, das institucións implicadas (sobre todo o Concello de Paradela) e o numeroso grupo de participantes nas convocatorias. Cabe destacar tamén a resposta do pobo e veciños de Paradela. Sobrepasou as previsións máis optimistas. Decíao entusiasmado Xulio Xix Ramil no acto da entrega dos premios do VI Certame (Centro Cultural, 5-12-2001), cando afirmaba: “Nunca imaxinei poder estar tomando parte nun acto coma este...”. De seguido foi ceibando unha manchea de feitos desenvolvidos perante estes poucos anos de vida. (Pode verse no Libro “VI Certame 2001”).

Nesa liña destaco datos significativos. Ó longo das sete edicións (1995-2002) presentáronse 393 obras: 209 en poesía e 184 en narrativa. (¡Menuda colección!). Participaron máis de 350 persoas. A maioría, galegos e galegas. Residentes na Terra ou na Emigración. Tamén do resto de España e do extranxeiro (Alemania-Portugal-EE.UU de América. etc.). Ademáis da cantidade, reinou a calidade.

e con futuro

certames literarios

Por iso houbo que conceder accesits en varias convocatorias. A participación medrou de ano en ano. Un exemplo: de 8-6 obras (poesía-narrativa) do 1º ano pasouse a 46-39 no derradeiro. Poucos certames teñen esta vitalidade. A pesar da pobre (simbólica) dotación económica que, por certo, axuda a dignificar e dar máis valor-mérito á categoría socio-cultural dos concursantes.

As obras premiadas están sendo publicadas anualmente en fermosos libros, que van mellorando a calidade das súas edicións cada ano e están patrocinados por diversos Organismos Oficiais (Delegación de Cultura, Deputación e o Concello de Paradela)

A publicación da súa biografía (“Vida e Obra de Manuel Rodríguez López, 2000”, escrita garimosamente por Manuel Blanco Castro, amigo e compañeiro de loitas e esperanzas en Barcelona), a solemne inauguración do Centro Socio-Cultural que leva o seu nome, a Biblioteca (que garda as súas obras orixinais e outros interesantes obxectos de valor), a participación activa do Profesorado e Alunos do Colexio Público (onde se presentou a súa biografía coa presenza do autor e se lle adicaron outras actividades), a difusión da súa vida-obra, a resposta dos medios de Comunicación, o apoio por parte do mundo cultural galego e, sobre todo, esa chea de homes e mulleres de Galicia e do resto de España que se decidiu a participar nos Certames...fixeron posible o milagre. O número de concursantes, xunguido á calidade que se está a notar preludian un futuro esperanzador para o coñecemento da Obra-Vida do noso Poeta, e mesmo cara o fortalecemento cultural de Galicia.

A seguir colaborando. É obra de todos. Vale a pena. É a nosa obriga.

Bases

PRIMEIRA: Establécese un Premio de 100.000 pesetas para a obra que resulte seleccionada polo Xurado dentro do apartado de POESÍA e outro de 100.000 pesetas para a obra que resulte seleccionada polo Xurado dentro do apartado de NARRATIVA.

SEGUNDA: Os relatos terán unha extensión máxima de vinte folios, sen mínimo; a obra de poesía terá unha extensión máxima de 100 versos. En ámbolos dous casos, escritos a máquina e a dobre espacio. Deberán ser orixinais, inéditos, non premiados en calquera outro tipo de concurso e estar escritos en galego ou en castelán.

TERCEIRA: O prazo de entrega dos relatos e da obra poética rematará o trinta de novembro de 2001. Presentaranse no Rexistro de Entrada do Concello de Paradela, por quintuplicado exemplar, sen sinatura e cun lema. Adxuntarase un sobre no que figure o devandito lema e dentro del unha cuartilla co nome, dous apelidos e teléfono do autor, cunha declaración de que o relato ou a obra poética é axeitada ás normas contidas na Base segunda. Abriranse soamente os sobres dos traballos premiados. No caso de participación en ámbolos dous apartados, deberase concursar en cada caso e presentando a obra por separado.

CUARTA: O Xurado designado polo Excmo. Concello de Paradela emitirá o seu fallo no mes de decembro de 2001 e farase público polos medios de comunicación. O Xurado pode deixar deserto o premio nun ou nos dous apartados e a súa decisión será inapelable.

QUINTA: As obras premiadas pasarán a ser propiedade do Excmo. Concello de Paradela, que se reserva o dereito a publicalas.

SEXTA: O autor ou autores premiados convocaranse ó acto de entrega dos premios, que terá lugar en Paradela, na data fixada polo Excmo. Concello de Paradela.

SETIMA: A resolución de tódalas cuestións que poidan xurdir ou plantexarse nesta convocatoria, é da exclusiva competencia do Excmo. Concello de Paradela e do Xurado.

Fallo do xurado

Acta de constitución

“VII Certame Literario Manuel-Orestes Rodríguez”

Reunidos no Salón de Sesións do Excmo. Concello de Paradela, sendo as doce horas do día vintedous de abril de dous mil dous. O Xurado designado polos Señores:

D. Xosé Manuel Mato Díaz (Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Paradela) como Presidente;

D. Antonio Calvo Varela (Ilmo. Sr. Delegado Provincial da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia en Lugo),

D. Xesús Mato Mato (crego, escritor e musicólogo),

D. Xulio Xiz Ramil (Funcionario da Delegación Provincial de Cultura en Lugo, escritor e periodista),

D. Darío Xohán Cabana (poeta e escritor),

D. Xabier Rodríguez Barrio (poeta e escritor) e

D. Santiago Rodríguez López (fillo do homenaxeado), como vocais.

E D Juan Luis González Iglesias, Secretario do Excmo. Concello de Paradela, que da fe do acto.

Constituído o xurado en forma, procédese a calificar as obras presentadas e atopadas conformes ás bases no seu día aprobadas.

O Xurado por unanimidade, acorda:

Primeiro: Outorgar o Premio de POESÍA á obra presentada baixo o lema **Pepe da Silva**, titulada “LONGO OCEANO DE AUSENCIA”. Aberto o sobre, compróbase que o lema pertence a D. Simón Iglesias Posse, con domicilio na provincia de A Coruña.

Asimesmo, o Xurado acorda outorgar dous Accésits no apartado de POESÍA

- Accésit á obra titulada “SUEÑOS”. Aberto o sobre, compróbase que o lema pertence a D. Salvador Moreno Pérez, con domicilio en Murcia.

- Accésit á obra titulada “REDES”. Aberto o sobre, compróbase que o lema pertence a D^a. Estíbaliz Espinosa Río, con domicilio en A Coruña.

Segundo: Outorgar o Premio de NARRATIVA á obra titulada “BALBINA”. Aberto o sobre, compróbase que o lema pertence a D. Xosé Nicanor Alonso Alvarez, con domicilio en Vigo.

Asimesmo, o Xurado acorda outorgar un Accésit no apartado de NARRATIVA á obra titulada “A MELLOR NOITE DE BENITO”. Aberto o sobre, compróbase que o lema pertence a D. Xaime Naveira Pedreira, con domicilio en A Coruña.

E para constancia do tratado, levántase a presente acta por setuplicado exemplar, por tódolos membros, en Paradela na data arriba indicada, sendo as trece horas, do que eu como Secretario dou fe.



Simón Iglesias Posse

A Coruña 12 de Decembro de 1978

3º premio no IX certame galego de poesía e narración Francisco Fernández del Riego (2001)

1º premio de poesía Tanxedoira (2002)

1º premio do VII certame literario Manuel Oreste Rodríguez López (2002)

SIMÓN

Lino Braxe

Estamos diante dun poeta. Iso é evidente. Quen non o vexa estará cego como aqueles que negaban a Lois Pereiro antes da súa morte. É dicir, estaremos diante dos amantes da literatura benpensante, ou dito doutro xeito dos amantes do bo gosto e do estilo cuidado na escrita. ¿ Pero cando entenderá esa xentiña que iso non é literatura senón boa educación ?

Persia, sempre Persia, Grecia é o grande erro. Non sei porque cando rematei de ler os primeiros poemas de Simón Iglesias Posse viñéronme á cabeza as palabras de André Bretón. Se cadra fose porque Bretón non estaba a falar do significado profundo da idea de Grecia, senón porque o poeta surrealista estaba, como sempre no seu caso, a facer vangarda, andaba a arriscar e a evolucionar artisticamente. Algo semellante á orella que se secciona Van Gogh, os poemas de Dylan Thomas, a música de John Cage ou a vea azul de Pereiro. Sí, os versos de Simón conmoven a alma e reviven as vísceras. ¿Pódese acadar algo máis desde un poema?

Non cabe a menor dúbida que admiro a Simón Iglesias Posse. A min, cando coñezo alguén da altura humana e literaria de Simón, non me costa nada admirar. Son dos que pensa que admirar é algo fabuloso e unha das mellores maneiras de ser feliz, ou de polo menos de acariciar durante, un breve instante, o incomparable sabor da felicidade. A poesía de Simón posúe un desencanto onírico, unha brétema suicida, un pasado sen fuxida posible. Cando un remata de ler un texto seu é como se un vento fresco de bandeiras anónimas golpexase no noso rostro ofrecéndonos un convite de amarguras indomables e rudos licores. Amigo, regálame catro palabras máis para acabar este día menos predispuesto á nada, pois, como sabes, xa non respecto nada que non sexa o meu propio sangue, ese líquido agónico que me lembra que aínda existo.

de ausencia

Simón Iglesias Posse

“FOMOS ficando sós o Mar o barco e mais nós”
(Manuel Antonio)

Percorremos aqueles anos coa furtividade
que nos daba a extrañeza
a extrañeza de non pertencer á terra
de pisala con raiva
de querer desgarrar o ceo cos dentes.

Fuxíamos das sombras dos pasillos
do caleidoscopio da adolescencia
caían trozos de chumbo negro aos nosos pés
restos da nosa inocencia.

E chegou a Aurora do desastre
aquela que te fixo escravo da noitebrá.

Aínda hoxe son un furtivo.

“Non sei ben a onde vou, pero vou intentar
acadar o reino se podó”
(Lou Reed. “Heroin” 1969)

Paraíso

Non hai mortos
nin calor de papel metálico
nin espellos quebrados
por autopistas de sangue branco.

Como non hai fronteiras
nin bágoas de medianoite
nin féretros de ausencia
... de silencio.

Dunas interminables de silencio.

Morríste cedo sen avisar
xa estabas case morta no psiquiátrico...
Dín que non hai tolos
que algúns optan pola tolemia
para fuxir da vida
suicidas
covardes
ineptos.
Estabas enferma
pero cústame crelo
os teus ollos todavía chispeaban
cando fixemos as fotos de familia.

O avo tocando a gaita...

Cústame crelo.

O único que botei en falla foi o fol da túa gorxa.

Ourense

Caíu a lenta angarela do tempo
tódolos vasos rezumaban alegría
tódolos corpos enchíanse de viño

e quedou o poso taciturno da melancolía
as cantigas de sempre
("Sen ti non podo, sen ti non podo vivir")

e tódolos homes cantaban
e tódalas ánimas se miraban

dende o Alén
dende a brumosa cárcel do etéreo

Recital (Versos de área e lúa)

I

Así vai o tempo camiñando
deixando espacio a esa luxuria

Longo océano de ausencia

que se agocha nas veas
e sempre sempre sempre
contaminámonos de asfalto
porque somos habitantes melancólicos
do abismo rancio e incompleto
da felicidade...

II

Se queres que che adique uns versos
terás que pedilo con máis forza.
Proba a beber escarcha
e comer silencio
como os camaradas da fría Rusia.

III

Os vellos mastíns da noite
están esquecidos oubeando á lúa chea.
Teñen motivos para sangrar
os vellos borrachos
e motivos para chorar as vellas putas...
a xente só quere
contemplarse nos espellos.

Ausencia

¿E cómo encher os minutos mortos?
¿Cómo non ter furia nas veas?.
Se cando estiveron
eu só era
un títere ridículo de feira.

Deixa que poña en dúbida as crenzas
as noites que laiábamos coma cans
fusilando ás estrelas

como doía o sol
como sanaba a noite
e como nos envilecíamos nas esquinas

e o silencio nas paredes era insondable

enchido sempre de verbas excrementadas
de rituais antagónicos á vida

fumos pantasma da vila
fillos das corredoiras do viño

lugartenentes da miseria burguesa
da suciedade sectaria da costra.

De sangue e vacío (cronoloxía da indiferencia)

I

Tiven medo e alí acabou todo
e a película en 8 mm daquel día
apropiou-se da miña sombra.

Na retina o achádego do Paraíso.

Meteuse toda a Xénese polo brazo
a materia que amortalla os soños.

Cristo en vea.

O Edén concentrado nun émbolo.

Noite de Harmagedón.

O Apocalipse en forma de hipodérmica.

Longo océano de ausencia

Ámote dende as entrañas

Longo océano de ausencia

dende a profundidade do meu peito
coa forza insondable dos meus puños.

Ámote dende o sangue
coa paixón das miñas arterias
coa convicción dos meus ollos.

Ámote dende o amor
dende o universo canalla da miña lingua
dende os meus dentes.

Ámote coa desesperación latente dos corazóns sen rumbo
dende as miñas mans medrosas
dende os meus pés cansados.

Amarte dende a febleza tamén
dende o inferno das sombras.
Venres

Vou tallando no meu corpo
os minutos, os segundos
a autopsia do tempo
arrastrando, mergullando
un deja vu eterno.

Mar de desexo.

Profano os cadaleitos brumosos do tempo
na procura da antiga hora dos bicos
contemplando a beleza apodrecer
deixando que o fío do abismo
opere raúdo no meu peito.

Quedan aneis de fume como lembranzas
destellos de imáxes fermosísimas
momentos doces que adoecen
que seguen chorando azul...

como o mar espumoso que nos contemplaba
na negra noite dos corazóns entrelazados.

Sego buscando na area a pegada dos teus labres.



Salvador Moreno Pérez

Nacido en Jumilla (Murcia) el 7 de Marzo de 1942.

Profesión: Arquitecto.

Premios literarios, de Poesía:

- * I Premio ATENEO DE SANLUCAR DE BARRAMEDA.
- * I Premio "VILLA DE INIESTA".
- * I Premio "FUNDACION F.MAYOR ZARAGOZA". Jaén.
- * I Premio "CIUDAD DE JUMILLA".
- * I Premio "RIO UNGRÍA". Dip.Prov. de Guadalajara.
- * I Premio "ERNESTINA DE CHAMPOURCIN". Dip. de ALAVA.
- * I Premio "ALBARICOQUE DE ORO". 2002. Moratalla (Murcia).
- * I Premio de la ORDEN LITERARIA FRANCISCO DE QUEVEDO. 2002
- * I Premio del CERTAMEN DE POESIA IBEROAMERICANA VICTOR JARA. 2002
- * 2º. Premio Certamen de Poesía del AYUNTAMIENTO DE LOS MOLINOS. Madrid.
- * 2º. Premio GUADALMESÍ. 2001. TARIFA.
- * 2º. Premio ATENEO 1º. DE MAYO. 2002. MADRID.
- * 3º. Premio de Poesía Asociación del Patrimonio de LETUR.
- * Accésit "VILLA DE GALISTEO". Cáceres.
- * Accésit del "Fco.SANCHEZ BAUTISTA".2001. Murcia.
- * Accésit "CIUDAD DE BENICARLÓ". Castellón.
- * Accésit "JARA CARRILLO". Alcantarilla.
- * Accésit "MANUEL-ORESTE RODRÍGUEZ". Paradela (Lugo).
- * Finalista del "EMMA EGEA". Cartagena.
- * Finalista de "El Ermitaño". Puerto de Santa María.
- * Finalista del "JARA CARILLO". Alcantarilla.
- * Finalista del "FCO. SANCHEZ BAUTISTA".2000. Murcia.
- * Finalista del "ANTONIO OLIVER BELMÁS".Cartagena.
- * Finalista del "X PREMIO VILLA DE ARANDA". 2001.

Libros publicados, de Poesía:

- . "ABONICO SE ENCIENDE LA MAÑANA". Por el Instituto de Estudios Jumillanos.
- . Edición del Primer Premio "EL RINCÓN POETICO" del ATENEO de Sanlúcar de Barrameda.
- . "PALABRAS DE LA MADRUGADA", Edit. Morandi. Madrid.
- . "JAQUE AL RELOJ DE SOL". Colección Biznaga, nº. 22, Casa de Málaga en Madrid.
- . "TESELAS EN EL AIRE". Ayto. de Jumilla.
- . "ENVOLTORIO DE SUEÑOS". Ed. Nausikáa. Murcia.
- . "PAISAJE CON FIGURAS". Diputación Foral de Alava.
- . "DE LUCES Y OSCURIDAD". Edit. Devenir. Madrid.

Salvador Moreno Pérez

Hoy he tenido un sueño...

en la acequia el reflejo de los higos tempranos
y el agua era de todos, sin dueño, clara y cristalina,

en la alcuza el aceite, y sal en el salero,
y pan en la panera, y de todos, sin dueño,

en el mar las pateras con las redes repletas
de aladroque y sardina
anunciando festín para mañana,

en los fudres el vino,
en la artesa la masa esperando creciente,
en el horno la leña y en el hogar las brasas,
y de todos, ardientes y sin dueño,

los libros con descuento - ¡el cien por cien! -
y algunos, además, subvencionados:
Federico, Miguel, el Arcipreste, San Juan, Teresa, Rafael..

II.-

con el siglo que empieza se terminan
fronteras y aduanas,
miserias y venganzas, carnets y pasaportes,

se acaban los festines, las bodas, los bautizos,
primeras comuniones y entierros de primera,

se acaban las banderas inflamadas de sangre,
los sectarios de cuna y errehache, los obispos de mitra y anatema,
se acaban las tribunas y desfiles, las togas y puñetas...
la justicia la dictan las cigüeñas desde sus altos nidos,
redactan las sentencias las veletas, mazmorra el campanario
y centinela el viento,

III.

el almirez era la caja fuerte, un silbido la llave,
la contraseña un beso...

todos los hijos eran ilegítimos, todas las cárceles eran ilegales,
todos los castillos eran accesibles y todos los caudillos se afeitaban
sandeces y bigotes,

ya no vienen los niños de París
y las sillas eléctricas no tienen fluido
y las guillotinas cortan embutido -salchichón y chorizo-
en lonchas transparentes por competición:
trece cortes en la misma pimienta, regocijo en la plaza,
niñas jugando al corro...

y los perniles eran sazonados entre risas e inviernos,
y el mandil era toga
y la palabra madre tronaba al universo...

terror era la noche, solamente,
los lobos eran lobos conocidos
y unas leyes en oro, sobre el anverso fino
de maderas de olivo, regían los destinos del hombre bien nacido...

cada hombre nación, cada nación un nido, cada nido un hogar
y cada hogar un grito: ¡hijo, te necesito!,
seas quien seas y estés donde estés, te necesito,
amigo, compañero, vecino de escalera, colega de pupitre
o enemigo de ruta, no hace falta que expliques
cual es tu condición o procedencia,
basta que las sandalias lleven el mismo barro
y las miradas idéntico destino: allí donde los buitres ya no alcanzan
con su mirada el tuétano rebozado de besos...

IV

del alba era la hora y no había cementerios
capaces de albergar tantas horrruras
como el carro de fuego empaquetaba a través de la noche,
una canción de cuna se hacía nube de fuego en el recreo:
los niños se arrebujan tal que filas de hormigas
y encienden las cigarras a las glaucas chumberas...

los triunfos como ases de abrazos y susurros
- las espadas y bastos son astillas -
todas las madres vírgenes, todas las cunas techo,
todos los ríos peces, todos los muertos lecho,
todo el alfoz paisaje, no gubernamental todo lo organizado...

con el sueldo de un año de algunos personajes
se construyen escuelas y hospitales,
con la indemnización por renunciar a un cargo
en el consejo de administración se mantienen en pie las catedrales,

con las llaves, cerrojos, fallebas y candados
hay metal suficiente para un puente de amor entre los continentes...

V.-

que no han de mantenerse bajo el mismo techo
seres que no se aman alimentando de odio la almohada,
respetando un contrato ya caduco, fuera de fecha, viejo,
porque uno de los dos no tiene donde ir,

que el único apellido es el color del fondo de los ojos,
la mirada el nombre y no más distinción,

que los siete colores
han excluido el negro del arco de la tarde
y el lienzo de la noche tan sólo es el ropaje que lucen las estrellas,

que todo el equipaje para viajar la tierra es un bastón,
cayado en que apoyarse, y una vara de nardo
que espanta los fantasmas,

que las cáscaras de almendra son moneda,
que la palabra banco es siempre con minúscula,
que las cajas son sólo de zapatos para criar gusanos de la seda
con hojas de morera por cama y alimento,

VI.-

que no todo está escrito, que crecen versos nuevos
sobre nuevas besanas de secanos barbechos,

que el agua con anís - al fresco del botijo -
es la máxima droga que toman los adictos
y no existe camello - banquero o traficante -
que le saque partido al cimal de la higuera del que pende,

que no hay arte rupestre con más valor que un nido de gorriones,
la leche de una madre o la palabra,

que no hallarán mercado los rufianes,
que no se han inventado las bombas personales,
que la pólvora amarga de nitroglicerina es agua de cristal,
polvo de estrellas, ruido de amor en salvas...

VII.-

Hoy sueño, bien dormido,
que ya tengo ganado un premio literario
tan sólo por contar los sueños que he tenido.



Estíbaliz Espinosa Río

E podería ter nacido en Bruxas no 1407, pero o certo é que foi aparecer en 1974 e na Coruña.

E podería ter sido pedra, crisantemo, estrela na constelación de orión, pero foi home. E tamén muller.

Estudou demasiadas cousas para esquecer. Licenciouse en socioloxía e en filoloxía hispánica.

Desenvolve actividade como docente, cantante (Coro da Orquesta Sinfónica de Galicia, octeto Aisis) e actriz de teatro (Teatro da Bufarda).

Codirixiu e presentou un programa na radio independente Cuac FM.

Obtén algúns premios, entre eles: Premio Esquíu 1999; Díaz Jácome para Novos Creadores 2001; Espiral Maior 2001.

Publica algunhas cousas:

Pan (libro de ler e desler), col. Esquíu, Ferrol, 2000.

-orama, col. Tambo, Dep. Provincial de Pontevedra, 2002.

Número e (de próxima aparición), Espiral Maior, A Coruña.

En libros colectivos:

"Aurora inclinada sobre figura" en 47 poetas de hoxe cantan a Curros Enríquez, Xerais, Vigo, 2001.

En antoloxías:

Mujeres de carne y verso, La Esfera, Madrid, 2002.

Estíbaliz Espinosa Río

Redes

quén ousará interferir ese bosque onde o óxido se reagrupa
as costras do vento falsifican un mapa sobre o lombo dunha besta que
resopra tan vencida que dá medo máis medo aínda
ter teño medo por entre as ondas xigantes e perturbadas
mais seguir sigo
avanzando coma xonás polo ventre da balea

adoro o chiar espeluzante das gaivotas a súa branca histeria

cada mañá notifican unha lenda intercostal pola que penetrar sen présa

son a nena deslumbrada por unha ogra en forma de navío
ansío perderme por ela
corto os fíos
recollo as farangullas de pan

corre corre perdida á procura da súa perda mesma
corre por entre barrotes e cordas vai desangrándose de fuel
corre pisando estibadores calcinados
corre durmindo en mazmorras
cunha sogá ao noceño corre

singrando arborando asilando

soa por entre viaxes e cereais traídos de lonxe

corre cos pulmóns cheos de aceite e maquinarias

as gaivotas preparan sobreagudísimos dos

segue correndo

toda a mercancía posta a secar entre ollos de peixe testemuñas do
abisal

cicatriz na marea. Homes
que restitúen á maré o seu tributo de morte por auga

estes portos estas aves que tanto me buscan
sen eu facer nada por evitalo

castelos de proa van por miña arteria abaixo

hai cemiterios de materias nobles
existe
a alfándega cadrada na que cesan

declaro
levar o sal moi dentro
como un negativo das miñas propias tebras

unha rede dispersa agarda o seu simbad

son eu que máis aló agardará a rede que agarda ao simbad
que agarda ao seu barco que agarda á que o narra
que agarda ao seu rei
que agarda un final

Extraio palabras miñas palabras do barro alto da noite
para moldeables enunciados que me baixan polo sangue ata os pés
humeralmente ata as xemas
iugularmente de volta ao coágulo
e van soltando ceibas e cargos e monstros
sedimentando en letras
que ante ti (por ti) se reagrupan

os desprazados os tolleitos os corcovados os fémures ilesos pero
separados
os malos as formas rompentes os ogros e a súa devoción polo coágulo
a cor violeta extraída da olleira dun unicornio envenenado
as ratas co corazón tóxico espesándose coma un tumulto e cargueiros
e pés dos guindastres pesarosos e redes que agardan o seu simbad

xigantes gruantes
bruantes distantes

torretas por onde asoman torreiros narcotizados

un ritmo de escuridade apoderándose do resto
verbos en xerundio adxectivos contrarios á présa
palabras encadeándose mutándose noitándose
a se deter tarde a se deitar

composición de porto con monstro oco e nós de lodo
suburbio no que un turbio uranio fructifica
gutturais chamadas a porto que a todo ogro convocan
urros musicais

e arrastrándose aparellos enroscándose
tripulantes
raspas de peixes óseos corcosidos e romos
tanta escura tribulación de besta en tensa espera



Xosé Nicanor Alonso Álvarez

(Ourense, 1964) é Licenciado en Matemáticas e Económicas e doutor en Matemáticas pola Universidade de Santiago, da que foi profesor ata a segregación das tres universidades, momento no que se incorporou á de Vigo. Nesta última imparte docencia na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais como profesor do Departamento de Matemáticas.

Paralelamente á súa actividade como profesor e investigador desenvolve unha vocación de escritor, froito da cal, ademais de resultar gañador deste premio, publicará proximamente na Editorial Galaxia o libro de relatos “Osa menor”.

Era a segunda vez. A segunda vez en toda a súa vida que Adela dexergaba nos ollos da súa nai aquela ollada baleira e perdida a un tempo, mestura de carraxe e tristura infundas. E como acontecera daquela, a vella continuaba arestora ausente, apertando o papel coa man, mergullada nas fonduras máis recónditas do seu pensamento, indiferente ante a presenza da filla. Era inútil facer por chama-la súa atención, seguiría dese xeito un bo pedazo. Sabíao con certeza, e mesmo así tentouno, estricando o brazo cara a carta, para retiralo súpeto, sen sequera chegar a roza-lo papel, unha miga alporizada despois de comproba-la forza con que a súa nai premía nel. Agardou un intre. Logo dun tempo colleu azos para probar de novo. Desta volta pousou primeiro unha man no ombro da vella, procurando acalmala con pequenos toques:

– Acougue, miña nai, acougue.

A resposta da vella deixouna aínda máis abraíada.

– Acouga ti, miña filla. Eu estou ben tranquila.- Parou un intre. Logo acenou afirmando coa cabeza -. Tranquila de máis.

Pronunciara as últimas verbas paseniño, case deténdose en cada palabra. Adela decatouse de que no interior da vella a loita continuaba, un combate xordo pero terrible no que se decidía a sorte do seu pai. E resignouse a esperar matinando, unha miga avergoñada de si propia, que a ela tanto lle tiña o resultado da liorta. Despois de todo o acontecido, agora éralle igual arre que xo.

O carteiro non repetía endexamais o mesmo percorrido. Decote recollía as cartas do día e as ordeaba, poñendo derriba do montón as que viñan de máis lonxe para entregalas as primeiras. Tanto lle tiña se con ese sistema camiñaba de máis. O principal era achegarlle á xente as novas tanto tempo esperadas dos seus parentes, e canto antes mellor. Aquel día aparecera ben cedo, sorprendendo ás dúas mulleres na lareira.

– Chegoulle carta das Américas, dona Balbina.

Malia o tempo transcorrido, era a segunda vez que Balbina recibía unhas letras do seu home. Dúas cartas. Dous papeis enrugados e sucios, que xamais foi o zoqueiro home curioso. As dúas lérallelas Adela unha soa vez, pero as sabía de memoria, ata o punto que podería repetir cada verba.

Benquerida Balbina: Espero que ao recibo da presente esteas ben de saúde. Eu non tal. Por iso che escribo.'

O Rufino seguía como sempre. Bruto coma un arado. Contigo, claro, que coas outras ben sabía disimular, alomenos ó primeiro, denantes de engaiolalas e atrapalas coas súas gadoupas. Pero coa propia fora decote un badoco, incapaz de se comportare de xeito amable, nin sequera de noivos.

Celebraran o casorio ó pouco de se coñeceren. Un erro. Fuxir do inferno da casa para se queimar outra volta, e murchar agora sen esperanza. E non era porque o Rufino fora un mal home, que non era nada buscabullas, e beber bebía como todos, e o home que non gusta do viño non é tal. Tampouco adoitaba mallar nela, alomenos non máis que os outros siareiros coas súas mulleires. O problema era o desprezo, o de amosarlle diariamente, cada un dos contados minutos que pasaban xuntos, o noxo que sentía por ela. De sobras sabía Balbina que o Rufino gastaba o tempo e boa parte dos cartos con outras. Se botara a zoquear tódalas horas que pasaba fóra da casa xa serían ricos. Pero iso tanto lle tiña. Só a amolaba, e non era quen de aturar, a aldraxe de imaxinar a aquel botaporela presumindo polo lugar, fachendoso, poñéndose a si propio nos cornos da lúa, orgulloso de que todo o mundo soubera do conto. Se polo menos fora discreto como outros, a ela non a levarían os demos cando ollara o sorriso malintencionado das comadres.

O pai devece por voltar, matinaba Adela. Tarde piaches. Se fora a outra vez, cando a primeira carta... Sabéndote medio impedido, se cadra a nai tería consentido. Pero eran tempos nos que aínda tiñas azos para te gabares do milhomes que eras, meu pai, aldraxando á vella ó lembrarlle a outra:

A ferida do xeonllo apodreceu, e os médicos decidiron tirarme a perna do corpo para salva-lo resto. Pero válome. Válome de abondo, e son tan home ou máis que antes de ficar eivado. De xeito que non penes nin agardes por mín. De sobras teño compañía, ti ben o sabes.

Sabía. Balbina sabía con certeza. A muller que estragou o pouco que quedaba entre os dous. Non deixou que o seu nome emporcallara os seus pensamentos. Só era ela. A outra.

– Seica con esta o Rufino anda a recuncar de máis.

Balbina estaba de costas ás comadres, pero elas ben sabían que as sentía. E a penas disimularon. Máis aínda, pronunciaran estas verbas unha miga máis alto, con toda a intención. E a muller, que xa levaba tempo andando coa pedra no zapato, comprendeu que o que andaba a sospeitar era certo. O seu home enredárase na arameira dunha lurpia.

Curiosamente, ó primeiro as cousas semellaban ben diferentes. O Rufino chegaba máis cedo a casa, e mesmo ía menos de troula cos siareiros. Balbina andaba moi leda, arelando que o seu home sentara por fin a cabeza. Non, non era tan miñaixoia como para sentirse a causante do cambio, pero endexamais sospeitou que o zoqueiro andivera enconado. Tiña de ser pola saúde, pois o Rufino escomezara a empioucar dunha perna. Si, había uns días que sentía

unha dor moi intensa nun xeonllo, unha dor punzante, como se entre os osos gardara un alfinete, e que ás veces o puña a berrar durante horas mentres comuña un aceno atroz. O medico dixéralle que non había cura. Os osos case rozaban entre si, sen almofada que os separe, como ten a xente sana. Debía usa-la perna o menos posible, e tomar unhas pímulas cando a doenza avivecera.

Daquela o home principiou a ir de casa para o traballo e do traballo para a casa, mentres Balbina pregaba á virxe que o cambio do Rufino durara para sempre. Ela estaba decidida a coidalalo, perdoando e esquecendo as aldraxes do pasado. Mesmo fixo por achegarse a el, tentando recupera-la escasa comunicación de outrora. Pero contra máis facía ela por abeirarse, máis pelexaba o zoqueiro por se afastar. Entón a muller deu en repenicarse unha miga, adobiándose e peiteándose con agarimo, vestindo de cando en vez as roupas que mellor lle acaían... Todo para poñérselle a tiro toda relambida. Pero dese xeito non había caso. Axiña decidíu tentalo polo bandullo, que na cociña non había quen a tusira e ben sabía ela os pratos polos que devecía o seu home. Fracasou de novo. Desesperada, un día non aturou máis e, sentando a carón del, díxolle:

– Pensas que é compaixón, Rufino, e non tal. Eu quérote.

Logo pegou a saloucar. Por toda resposta, o home abaixou a cabeza un intre. Logo compuxo un aceno grave e ergueuse. Axiña estaba a marchar da casa, coxeando. Nin sequera se despediu. Voltou pouco antes de cantar o gallo. A muller agardara por el toda a noite, consumíndose e chorando ás cuncas. O Rufino deitouse á súa beira sen dar un chíó. E tamén sen falar marchou cara o traballo co abrete. Balbina comprendeu que non era a doenza do xeonllo o que a afastaba do seu home. E tamén decidíu que o tempo das bágoas pasara para sempre.

Des que perdín a outra perna, xa non me quere. Son unha carga. As mans perderon as mañas para zoquear, e o diñeiro esgotouse. Ti es a miña única esperanza. Sei que che fixen mal. Enganeite. Pero se me perdoaras, se me acolleras contigo, podíamos apañármonos xuntos.

Ademais, non me queda moito. Ando xa cun pé na cova, ou cos dous, considerando a situación. Só arelo agardar pola morte no noso lar, xuntos ti e máis eu. Agora xa non debes temer por min, ben me gustaría non ser un despoxo. O mal estenderase de contado polo resto do corpo, e non haberá máis nada que quitar. Pero morrería ben ledto sabendo que me habían soterrar no lugar onde nacín.

Adela lembraba esas letras con tristura. Mágoa non as escribiras outro-
ra, meu vello. Agora, a saudade e saberte no outono obran o milagre. O pai, morriñento, desculpábase. ¡Probe do coitado!. El, que endexamais rectificaba, decote cara adiante, pois un home e un home, adoitaba dicir, e entre homes as liortas se arranxan na taberna, rifando primeiro e bebendo xuntos despois, cos demáis siareiros como testemunas. So piden perdón, remataba, as mulleres e os maricóns.

Non tardou moito Balbina en coñece-la identidade da outra. Era unha muller nova, moito máis que ela e o Rufino. Vivía a rentes da fraga, na casa do muíño que herdara do seu defunto. Polos comentos da xente, viñera dende a vila de parruliña, logo de casar con Moncho o muíñeiro. O seu home afogara no río había uns meses, unha noite de xolda que voltaba bébedo de máis. As comadres rexoubaban que o empurrara ela, pois só casara polos cartos. Naturalmente, iso nunca se soubo, pero si aconteceu que a coitada puxo axiña á venda as propiedades para xuntar diñeiro de abondo e marchar cara o Brasil, onde agardaba por ela boa parte da súa familia. Foi nesas cando apareceu o Rufino, interesado en merca-los mobles para amañalos e vendelos de novo. Axiña amigaron a viúva e mailo zoqueiro, e ela desbotou a idea de se desfacer da casa e marchar do lugar.

Soa, nova, e sen ninguén a quen render contas. Xustiño o que precisaba o Rufino para se deixar engaiolar con gusto: unha lurpia decote disposta a atendelo. E para cando se decatou do choio, aquela pendanga e o seu home levaban xa varios meses, camiño do verán, sen que as cousas tomaran trazas de virar.

Mais ben aconteceu ó contrario. Coa escusa do traballo, o Rufino pasaba xeiras enteiras fóra, sen sequera achegarse para xantar. Logo principiou a non durmir de cando en vez na casa. Dicía que se lle fixera tarde de máis e quedara no choio. Balbina calaba. Canto máis tempo pasen xuntos antes cansarán o un do outro, matinaba, e daquela tereino de novo canda min. Si, conforme pase a calor e entremos no outono, voltará.

Pero non tal. Trabucábase. Un día, atopou ó Rufino no alpendre, tentando arranxa-lo vello catre. O home albiscou o seu aceno alporizado e seguiu ao seu, sen dar un chío. Ela ollaba de fite cara el, calada coma un morto. Así botaron un bo pedazo, coa muller esculcando, a piques de pegar a falar pero sen folgos para facelo e o Rufino indiferente, poñendo cravos e encolando aquela madeira inservible. Cando rematou, refregou os ollos coas mans e mirou con atención o resultado do traballo. Logo ergueuse. Balbina entendeu de súpeto a intención do home. Saír do pendello sen dicir ren. Un novo desprezo para engadir á morea. Estaba afeitada, pero aquel día non o pensaba aturar. Aborrecida, enfrontouse con el na porta sen deixalo saír. O zoqueiro sorprendeuse unha miga. Logo fitou á muller chantada diante del. Dexergou a súa decisión, pero decidiu axiña poñela a proba. Principiou por engurra-lo cello, tentando amedrentala. De alí a un pouco xa botaba faíscas polos ollos. Pero tamén había lume nos da muller, dous fachos acesos na semioscuridade do alboio. O Rufino empurrouna. Sen lle dar tempo a marchar, ela ergueuse e volveu colocarse diante, furando ó home coa ollada. El comprendeu que non pagaba a pena continuar a liorta, agás de estar disposto a lle dar unha boa malleira.

– Pronto escomezaran as chuvias, e a xente demandara zocos para non se emporcallar na lama. Cómpreme durmir no choio adoito, para aproveita-lo tempo. Por iso amañei o catre.

E apartando á muller, saíu do alpendre. Balbina sentíu como as forzas a abandonaban. Pero, aínda sabendo con certeza que Rufino mentira, estaba satisfeita. Por vez primeira gañara unha batalla. Cada vez me pos menos medo, lambón.

Desta volta o Rufino choraba pola súa desgracia, matinaba a vella. Perdeuno todo. Primeiro os cartos e despois a esa lurpia. Como te me abaixas agora, fillo dun can. Que diferenza de outrora, cando non abondara coa primeira perna perdida para abrirche-los ollos:

Cómprenme cartos, de xeito que pon á venda as leiras. Ó cabo, dende que adoeceín da perna, quedaron todas a monte, e xa que logo ti non as debes precisar. E o que as merque ha pagalas de vez: nada de prazos. Despois mándame o que che dean cara a Arxentina, xunto co papel para o traslado.

As terras. Catro patacóns. Pero significaban moito. Eran a única raizame do seu home co lugar do que partiu. For iso, cando Adela lle lera á nai aquel parágrafo da primeira carta, Balbina non fora quen de aturar as bágoas. Por seguir a aquela lercha o Rufino esquecía xa o seu berce, as leiras nas que xogara de pícaro e nas que traballara arreo cando mozo.

– Non as venda, miña nai, non faga tal. Nin cartos nin papel.

Malia as súplicas da filla, vendera. E fixérao de contado, seguindo ó pe da letra os mandados do seu home. E aínda amolou máis a Adela, mandando cara a Arxentina tódolos cartos que por elas lle deran, sen quedar para si nin un peso. En adiante, Rufino, díxose a si propia o día que asinou o papel polo que o diñeiro partía da vila, as débedas que endexamais tiven contigo fican saldadas.

Pero aquilo acontecera tempo despois, xa co seu home nas Américas. Antes aínda houbera unha derradeira tentativa de Balbina por arranxar as cousas entre ela e o Rufino. Certamente, fora un intento moi feble, a penas un comento. Estaba a entrar o inverno, e o home durmía a cotío fóra da casa. Balbina ben sabía que non era no catre. Daquela esperou que principiara a arrefriar e un día, aproveitando que o home levaba dous días preso na casa, pois por mor da humidade afriaxara e as dores do xeonllo medraran ata impedirle camiñar, a muller abeirouse a el, aloumiñándoo na cabeza un chisco agarimosa.

– Dame mágoa verche así, Rufino. Pero se cadra de non pasares tanto tempo no choio e cos meus coidados mellorarías axiña.

O home considerouna un intre. Logo compuxo un aceno de noxo denantes de murmurar:

– Déixame en paz. Ó cabo dóeme a min.

Non había caso. Contaba con iso. Esperar do home unha confesión era como facer unha raia na auga confiando que non se desfaga. Mesmo así decidiu continuar.

– Rufino, eu ben sei o que pasa. Teño ollos, e se non os tivera tanto tería, que xa se encargan as comadres cos seus comentarios de espalla-las novas. Estou disposta a esquecer, e se levo algo de culpa neste asunto tamén podo cambiar. Pero es ti o que debe da-lo paso e abandonar a esa muller para sempre.

Non ben sentíu aquelas verbas, o zoqueiro interrompeuna. Balbina decatouse da zuna que enchía a súa face.

¿Que muller? - prendeuna por un brazo e apertou. Ela aturou a dor. Axiña asomaron dúas bágoas mollando as cuncas dos ollos, sen ousar esvarar cara abaixo.

Rufino, solta, por favor. Máncasme.

Pero o home seguía, premendo con máis forza, mentres descargaba a outra man violentamente sobre a testa da muller. Ela fuxía como podía das labazadas, tentando agacha-la cabeza. No entanto, el teimaba:

– Veña, sóltao, ¿que muller?

A penas tivo folgos Balbina para murmurar moi baixo, como se estivera a contar un segredo:

– As comadres andan a rexoubar que ti e a Victoria, a viúva do Moncho, andades envoltos, e que pasa-las noites con ela na casa do muíño.

Tremía de pés a cabeza mentres agardaba a reacción do Rufino. O asinado tería sido afastarse un chisco, pero ademais de estar presa non tina forzas. Só podía manterse alí, de pé a carón do zoqueiro, pregándolle a Deus que os lapotes que se aveciñaban non a deixaran marcada. Pero aconteceu o máis inesperado. O home ceibouna e pegou a rir a gargalladas mentres ela refregaba o brazo machucado. Súpeto, calou e ollouna de fite. Despois sorriu:

– A xente comenta, din que... Iso son dúxomes de comadres. Alguén me tería que ver, denantes de ir onda ti co conto, ¿non si?.

Balbina non foi quen de retrucar. Como ben sabía o Rufino, nestes asuntos tódalas cubilleiras barallaban polo baixo, pero ó cabo ningunha corría o risco de da-la cara endexamais, que abondo tiñan con agacha-los pecados dos seus homes. Abaixou a cabeza, vencida. Logo limpou as bágoas e safu de vagar da casa.

Agora, mentres estrullaba o papel con forza, se cadra con tanta como daquela o Rufino lle esmagara o brazo a ela, Balbina lembraba que aquel fora o único día en toda a súa vida que os seus beizos pronunciaran o nome da outra. Da Victoria, a viúva do Moncho o muiñeiro e amante do seu home.

Adela ollaba o reloxo. Xa lle tardaba en coñece-la decisión da súa nai. Ademais, era a hora de abri-lo negocio. Pero a vella seguía ausente.

Debín facerche caso. Pero daquela non tiña ollos máis que para ela. Decateime moito máis adiante, xa no Brasil. E malia saber que de mín xa so lle com-

prían os cartos, non tiven azos para fuxir e gasta-lo pouco que gardaba para voltar ó teu carón. Unha vez estiveren a piques de marchar, pero engaioloume de novo e fiquei onda ela. Se cadra non o cres, abondo che mentín outrora, pero é a verdade. Sempre fun un panoco. Mágoa de non me dar de conta a tempo. Moitas penas tería evitado.

Minte. E a nai sábeo. Madia leva, coas que lle fixo pasar, decote a negar o que todos sabían, e despois o bocalán gabándose cos siareiros das súas fazanas e do enganada que a tiña. ¡Lambón!

Ela tardara en decatarse. Ó cabo, a cativa, malia ir xa moza, non existía para o seu pai, ó que a penas vía, e no tocante á nai endexamais a sentira chorar. Pero un día rifara cunha rapariga da escola. Era unha rapaza pequecha, e zoscouna ben zoscada. A outra afastouse chorando, pero Adela non tiña de abondo:

¡Corre a xunto da túa nai, que che limpe ben as bágoas!

Pois ti vai onda a túa e limpa-las dela, que andarás a pregar porque o teu pai deixe de se deitar coa viúva do muiñeiro.

A nena ficou cravada, mentres a súa rival fuxía a todo dar e o resto das pícaras rían polo baixo agachando os beizos coas mans. Logo camiñou de vagar cara a casa. Soa. Chorando a mares. Contoulle á nai o da pelexa. Sen dicir cousa, Balbina seguíu ó seu. A rapaza agardou un bo pedazo. Logo espetoulle:

– Mamá, ¿é certo o que contan do pai e a muller do muiño?

A vella seguía calada, aínda que escoitara perfectamente as verbas da rapaza. Esta repetíu a pregunta. De sócato, alporizouse ó senti-lo berro da nai:

– ¡¡Andrómenas!! ¡¡Andrómenas!!

Nunca máis falaron do asunto, pero Adela ben sabía que a súa nai mentira. Como con certeza estaba agora a mentir na carta o seu pai.

A imaxe de aquel día, co Rufino mallando primeiro nela e despois burlándose seguía enchendo o maxín de Balbina. Daquela, malia as ameazas e as losqueadas, xa non fora quen de lle poñer medo. Nin chisca. Máis aínda, o feito de comprobar polo anoxo do home que o apaño era cousa sería, conseguira tirarlle o pouco afecto que gardaba polo zoqueiro e decidíala a atopar-las probas, a descubri-lo in flagranti. Axiña haberá quen che vexa con esa lercha, cabrón. Antes do que esperas. E hei ser eu.

A oportunidade presentouse logo. A dor do xeonllo cedía, e a muller sabía que axiña o Rufino durmiría fóra outra volta. Non andaba trabucada, e de alí a uns días o zoqueiro pegou a *traballar* arreo de novo. Aínda agardou uns días. Que se confíe. Ademais, mellor levar adiante o plan artellado cando cambiara a lúa. For fin, pasada a luzada, decidiuse. Noite pecha, comprobou mentres se erguía. Ha ser ben doado achegarse ó muiño sen que ninguén de decate. E senón tanto ten, pois abofé que tamén ese caso está previsto.

Unha muller casada non debe dar que falar camiñando soa na negrume da noite. Seguindo o plan argallado, hoxe Balbina sería Aurora a leiteira, alcumada *A Maneta* por mor dunha man que perdera de cativa despois de esfacelárselle a ferida da pisada dunha vaca. Tódalas noites a manca percorría o pobo denantes do abreinte deixando nas portas das casas o leite para o día. Hoxe, outra leiteira faría o camiño máis cedo.

Vestiuse en silencio, ás apalpadelas, vixiando que Adela non a sentira. Paseniño, foi poñendo as roupas gardadas para a ocasión, aqueles farrapos escuros e atacados de remendos semellantes ós que decote levaba a maneta. Por fin acendeu unha luz, só o tempo xusto para ollarse de fite diante do espello. Si, así vestida tiña un aquel coa leiteira. Para convencerse de vez, imitou o seu xeito de andar. Moi ben, calquera que che vexa ao lonxe e coa escuridade pensará sen dúbida que es ela. Ou alomenos, ninguén sospeitará que es a muller do Rufino, camiñando aborrecida á procura do teu home. De xeito que adiante.

Contra as catro, saíu da casa. Alucou un intre as beirarrúas. Aquela negrume púñalle unha miga de medo, e a piques estivo de dar volta. Boquexaba, buscando aire. Logo arrepúxose. Abondo lonxe chegaches, Balbina, para te botares atrás arestora. Respirou fondo para coller azos e alcançou. Axiña albiscaba a casa do muíño. Embaixo da vivenda estaba a corte, onde outrora criara o gando o Moncho, pero agora andaba baleira, pois os animais foran o único que vendera a viúva. Por non querer, nin co can quedara. E dese xeito, a muller puido achegarse sen medo de que algunha besta a cheirara e alporizándose a delatara. Unha sorte para Balbina que, anicada nun recuncho preto da porta, sentía zoa-lo vento mentres esperaba polo abreinte.

Ía frío. A muller aturaba como podía alí abaixo, tentando non espirrar, tremendo e axexando de cando en vez para a fiestra do primeiro piso. De súpeto, pegou a nevar. Ollaba as folepas pousándose lenemente, como aloumiñando a terra. Cagáchela. Endexamais entrou nos teus cálculos que puidera farrapear. Desta volta estás perdida. Podes soporta-lo frío, pero non a humidade. Se andas mollada moito tempo adoecerás. Aconchegouse baixo da escaleira de pedra que conducía ó fogar da viúva. Esperou un intre alí anicada, dubidando se marchar de vez. Pero, tan de socato como escomezara, a nevada desapareceu, despois de espalla-lo seu manto branco polo chán, e Balbina comprendeu que non podía afastar do lugar sen deixa-lo seu rastro na terra, pegadas sospeitosas nas que o Rufino había reparar pola mañá. Para ben ou para mal, estaba condenada a ficar alí, moi queda. Ou marchar, pero unicamente se a nevarada repetía e podía fuxir do agocho sabendo que a neve borraría as súas marcas.

Pero xa non folepou máis nesa noite. Balbina estaba encollida, medio adurmiñada, cando sentíu bulir arriba. Axexou cara o cuarto e víu a luz acesa. Había dúas persoas. Recoñeceu axiña os movementos torpes do seu home, a súa coxeira. Axiña ha saír, matinou mentres tremía arelante.

O Rufino baixaba con dificultade pola escaleira de pedra. Cada chanzo era un mundo. Daquela, non ben pousou a perna boa na terra xa a penas branca, sentíu as verbas da mullen

– O galo abandona o poleiro. -Acenaba coa cabeza, asentindo para si propia- De xeito que era mentira, lambón, alguén che tería que ter visto, ¿non si?. Pois olla cara min, que vin onda ti para admirarche.

O chimpco que pegou o Rufino non o tería dado nin de mozo, denantes de adoeecer do xeonllo. Ollaba cara a Balbina, tentando alentar, treméndolle todo o corpo coma se no canto da muller fora a Santa Compañía a que se lle aparecera. Boquexaba. Quería dicir algo, pero ata a fala perdera. No entanto, ela ollaba cara o zoqueiro, satisfeita. Pagara a pena espreitalo. Logo pegou a camiñar de vagar e, xusto antes de saír da ollada do home, vultou a cabeza. O Rufino seguía aínda alí, en pe, totalmente inmóbil. Petrificado.

Adela lembraba a entrada do seu pai na casa, aquela mañá, tan cedo, botando espuma pola boca. Nin reparara nela. Ía tan posuído pola carraxe que camiñaba sen coxear, directo a pola muller que o esperaba moi tesa:

– ¡Tola! ¡Púdente matar!

A nai non recuara. Nin chisco. Seguía alí chantada, digna, indiferente ante aqueles ollos que a furaban.

– Recolle as túas cousas e marcha. Dasme noxo.

Nunca máis vira Adela ó seu pai. Na escola enteirárase de que vivía coa muller da casa do muíño. Logo, cando uns meses despois o negocio foi a pique, o zoqueiro marchou cara a Arxentina coa viúva. Fora unha decisión repentina. De feito, marcharon co posto, co diñeiro xusto para voltar se as cousas viñan mal dadas. E o Rufino nin sequera pasou pola casa para se despedir da filla.

Non houbo novas do pai ata un ano despois, cando a primeira carta.

Aquí non nos vai mal, pero no Brasil hános ir moito mellar, de xeito que está decidido. Pero Victoria pode face-lo que lle pete, e eu non, por mor dunhas normas que por moito que me explicaron non entendo. Seica ti e máis eu, para a lei, seguimos casados e o seguiremos decote. Como aquí eu son un emigrante, para cambiar de país e marchar cara o Brasil cómpreme que ti saiba-lo conto e estas de acordo. Por iso preciso ese papel. De xeito que cumpre o meu mandado e non me fodas.

Os dous amantes marchaban cara o Brasil. O Rufino quería tódolos cartos que puideran arrapañar e tamén un permiso de Balbina para abandonar-lo país. Daquela Adela, despois de lle le-la carta, e mentres a súa nai ficaba en pe, coa ollada baleira, abraíada pola tristura de saber que o zoqueiro decidira queima-las naves para uni-lo seu destino co daquela porca, suxeríralle a nai tomar cumprida vinganza:

– Non lle-lo mande, miña nai. Cómpre que fique preso na Arxentina. A viúva marchará de tódolos xeitos e el virase obrigado a voltar.

Tamén Balbina lembraba agora aquelas letras cheas de fachenda e desprezo, cando o eivado aínda tina azos para finchase, incapaz de adiviña-lo seu triste final. Daquela, despois de senti-las verbas da filla, a vella ficara un intre inmóbil, considerando a proposta. A pícara levaba razón, aquela muller había marchar cara o Brasil de tódolos xeitos, co Rufino ou soa, que a ela non había corda que a amarrara nin lei que a sometera. Mesmo, de non ser polos cartos, con certeza que aquela lurpia preferiría ceibarse de vez do zoqueiro. E daquela o Rufino voltaría. Sen dúbida. Ó cabo, o seu home era como os demais siareiros, todos moi afoutados despois de se mollaren ben de cuncas na taberna, pero por tras das aparencias uns covardes, unha morea de nugalláns incapaces de se valeren por si propios. Xa que logo, aínda ben non marchara a lercha, o tolleito deixaría a Arxentina, para aparecer axiña pola porta mendigando esmola e acubillo. Tan logo que aínda levaría con el o arrecendo noxento daquela porca.

Como acontecía arestora, aquela mañá Balbina tomara tempo de abondo denantes de se decidir. No entanto, a filla enxergaba o aceno da nai, esculcando cada recuncho da súa face, cada engurra da súa fronte, tentando penetrar nas fonduras do seu pensamento para adiviñar o que andaba a argallar.

– Oíuno, miña nai. Non lle-lo mande.

A rapaza non insistía por carraxe contra do pai. No que a min atinxe, matinaba, vaía a corda tras do caldeiro. E ó cabo, na casa o home sería un lastre, unha carga ameazando con racha-la felicidade da monotonía da súa vida. Pero por outra banda ben merecía o castigo de non facer desta volta a súa vontade, e vir e abaixarse, pregándolle á nai que o aceptara na casa. Só por iso desexaba a súa volta.

Co tempo, Adela deprendera a esquecer ó Rufino e ela e máila nai vivían ben soas. Agora si. Non fora tal ó primeiro, cando o zoqueiro compartía coa viúva a casa do muíño. Daquela, a rapaza choraba ás veces, e evitaba regueifas na escola, sabedora que tódalas pícaras coñecían ben por onde amolala. Os rulotes alumáranna a orfa, e así lle dicían para aldraxala. Pero despois, cando por fin os amantes subiron na Coruña ó barco da Arxentina e partiron de vez, Balbina, consciente de que a filla amurchaba coa tristura, decidiu intervir. Si, xa abundaba de se agachar na casa:

– Ningún mal fixemos e non temos cousa de que nos avergoñar, Adelina. Dá ó teu pai por morto e sae á rúa coa cabeza ben alta.

Ó pouco a vella alugaba un baixo no centro da vila e abría a tenda. Fixérao, a rapaza ben o sabía, non tanto polos cartos como por desafiar ás comadres. O meu home marchou. Deixoume, pois peor para el. E seguramente tamén argallara aquel chope como solución para o resto dos problemas. Manténdose ocupadas coas angueiras da tenda, gastando as dúas todo o seu tempo no negocio, seríalles máis doado esquecer.

E o choio funcionou. As comadres mercaban alí tódolos días, decote sorrintes, ollos espelidos e ben atentos ós acenos da nai ou da filla, para se reuniren despois na praza como unha morea de cobras poñendo por xunto todo o seu veneno. Tíralles isto como a merda as moscas, murmuraba a vella. Pero co tempo, as desventuras da muller soa e abandonada polo home deixou de interesarse, sen que as contiñeiras deixaran de acudir á tenda igualmente. Coa mesma, Adela dependera a se enfrontar coa xente, con dignidade, e ó pouco ninguén era quen de amolala co conto do pai.

Pero ficaba o mellor de todo. Pois tamén por mor do traballo as dúas mulleres se afixeran a estar xuntas, decote da casa á tenda e da tenda á casa. Coa proximidade medrara ó primeiro a confianza, para despois dar paso a unha complicidade tan fonda que ningunha podía agachar no seu maxín segredo algún para a outra. Agás nunha cuestión: todo o relativo ó Rufino. Pois malia tódalas confidencias compartidas, nas súas conversas endexamais falaron do zoqueiro. Nada de nada. Para as cuestións do vello, Balbina afixérase a construír un muro no seu interior, e xamais foi quen Adela de derrubalo. E por unha estraña simetría, algo semellante acontecíalle á vella coa rapaza, pois tamén ela era incapaz de adiviñar os pensamentos da pícara con respecto do pai. Máis ben ó contrario, adoitaba interpretar como saudades polo zoqueiro a melancolía da rapaza polos sabidos penares da nai. Por aquel atranco na comunicación agardara daquela a filla a resposta da vella, arelante, e o seu pensamento pasaba do si ó non como unha moza esfolando unha margarida, incapaz de dexerga-la solución final. No entanto, Balbina mantiña a ollada baleira, perdida. Desexaba berrar, dar saída a tódolos demos que a proían nos adentros. Polos collóns te afastaches e polos collóns che teño arestora preso, fillo de puta. Sábelo ben, e sigues sen recoñecerlo. Mesmo tes a fachenda de me dar ordes. ¡Fai o que che mando e non me fodas! ¡Que carallo podes mandar ti agora en min, lambón?. Canto o de te fodere, será se non me peta, e gañas non me faltan, cabrón. De non ser por esta ruliña, por lle evita-lo sufrimento de verte aparecendo pola porta. Abondo lle custou esquecerche a esta pombiña para que agora o estragues todo de novo. E a coitada aínda pide para que che faga voltar. Moito me quere a miña prenda.

Cando por fin aquela mañá de recibiren a primeira carta Balbina ergueu a cabeza, Adela, despois de desbotar o si e o non e logo si e outra volta non, creu finalmente albiscar no aceno da vella a decisión final. Hai carraxe na súa face. Date por fodido, Rufino. Vanche dar onde máis che doe.

– Prepáralle-los papeis. Logo lle-los mandaremos xunto cos cartos. -fitou a face abraída da filla- Boi tolo, corda longa, Adeliña. Boi tolo, corda longa.

Máis adiante Balbina arrepentírase milleiros de veces da decisión tomada. Pero endexamais tivo noticia a rapaza diso, nin das bágoas que causara a carta. Saber que a lei pode prender ó teu home, obrigalo a voltar a xunto de ti para pagarchas todas xuntas, e mesmo así ceibalo, mandándolle máis cartos para seguir a súa aventura. Como diría aquel cabrón, es caralluda, miña vella. Caralluda de máis.

Pasaran moitos meses dende aquela, cando decidira que aínda non era chegado o tempo da vinganza. Anos que Balbina contara un atrás do outro. Un, dous, tres, catro... e así ata sete. E a vella non esquecera, por máis que disimulara diante de Adela. Os días pasaban sen recibiren novas, e ás veces deses- perábase, laiándose unha vez máis de ter estragado aquela oportunidade. Pero pasados aqueles intres de degoiro, decote remataba por se convencer de que fíxera o debido. Ó cabo, a filla era o primeiro. E por outra banda, obrigalo a voltar sen pedir perdón, so pola axuda da lei, tería sido recoñece-la súa propia derrota. As comadres rexoubarían, e con razón, que aquel cabeza de vento voltara por mágoa dela, ou de Adela. Non, o Rufino viría, con certeza, pero arre- pentido. Arrastrándose e suplicando perdón por todas e cada unha das aldra- xes que Balbina tiña ben gardadas no máis fondo. Só dese xeito pedería levar ela polo lugar a cabeza ben alta.

Por fin, matinaba agora aportando o papel, o tempo amosara que non andivera trabucada. E este era o intre máis axeitado para o desquite. Ó cabo, Adela xa era unha muller, e a volta do seu pai non ha había cambiar nin chis- co. Prepárate para recibires axiña o teu premio, Balbina. Só tes que lle dicir á filla que escriba unhas letras coa resposta. Abáixate aínda máis, meu pai, pois a nai non está polo choio... E, conforme tódalas comadres coñezan do conto e teñan tempo de abondo para contomelar na praza, cando os siareiros dean creto e cansen de facer burla a conta do malpocado zoqueiro, que marchou enteiro cara as Américas e veu deixando alí a metade de si propio, daquela, permitirlle voltar. E coa mesma, cumpriría a vinganza tantos anos posposta, non só co Rufino, senón tamén con aquelas cubilleiras, as súas pretendidas amigas, ó cabo unha morea de serpes que baleiraran nela o seu veneno empor- callingo a súa existencia. Balbina case sorría pensando no aceno das coma- dres, os seus parabéns cheos de envexa. Imaxinaba a Lola e a Carmiña, dúas lerchas laretando sempre xuntas. A primeira a penas disimulaba, todo sorrisos cando se cruzaban. A outra adoitaba murmurar polo baixo, logo de asegurarse que Balbina ben a sentía. Sen esquecer a máis perigosa do rábano, decote alpo- rizando ás restantes, a lurpia da Paca, ó cabo outra vítima como ela, que confiaba en van en agocha-los seus cornos á conta de amosar, convenientemente agrandados, os da súa *amiga*. Naquel niño de cobras, a Paca era sen dúbida a máis noxenta. Si, a esa tñíallelas ben gardadas.

Agora, mentres repasaba o plan tantos días meditado, a ledicia a enchía por dentro. Conforme chegue, no primeiro domingo, ó saírmos da misa, un paseo pola praza. Tiña de ser contra ás doce, cando estivera ategada de xente. De vagariño e os dous do brazo, que todos souberan. O pasado, pasa- do e soterrado, e para o porvir, o Rufino manso coma un cordeiro. E non ben fique todo o mundo saudade, cara a casa a xunto da Adela. E así un domingo atrás do outro. A felicidade, matinaba, vaite coller xa de vella. Pero ha che- gar, e só iso cómpre.

Ergueu a cabeza, ía poñe-las verbas nos seus pensamentos, da-las ordes precisas á filla, cando se decatou do problema. O Rufino non viña como mar-

chou. Perderá as dúas pernas. Arestora era un tolleito, incapaz de se valere, un despoxo que calquera alma de ben recollería. Daquela, non habería paseo pola praza. E se alguén os vía xuntos por algures, con certeza que no canto de admirala polo seu triunfo, louvaríaa pola súa compaixón ou faría burla do seu home. Non, non era iso o pretendido. E non hai vinganza posible cando a vítima non ten escolla. O zoqueiro mirrara. Se o acollía, podía bater nel con tódalas súas forzas e o coitado aínda lle daría as gracias. Pero non pagaba a pena. Aquel medio corpo non daba xa nin para se vingar a gusto.

Dúas bágoas asomaban nas cuncas dos seus ollos, loitando por baixar cara as meixelas. Pestanexou. Perdechese, vella. Ou gañaches, pero ninguén te crerá, e para o caso é o mesmo. Xa que logo, a volta do Rufino carece de sentido. É preferible pasar por cruel. Balbina, a desapiadada incapaz de perdoar, a besta salvaxe sen corazón que deixou morrer ó seu home nas Américas, lonxe da terra, como castigo por ter fuxido con outra muller.

Ningún dos cambios na faciana da súa nai pasara desapercibida para Adela, constantemente ó axexo. A repentina calma de outrora, despois a ledicia, deixando paso finalmente á inicial crispación. Agora ollaba como a vella estrullaba con forza a carta, engurrándoa de todo. Despois colleu o escalladoiro, aviveceu unha miga o lume e guindou o papel na cheminea. Mentres fitaba as lapas devorando aquelas letras, Adela comprendeu que non había esperanza para o pai.

No entanto, tamén Balbina ollaba de fite cara o lume, asentindo. E por fin, cando xa da carta a penas se adivinaban as cinzas, zoscou de novo co pao, remexendo ben para mestura-las brasas. Movía o atizador con forza, como posuída, descargando naquela negrume a carraxe tanto tempo contida. Cando rematou, reparou nos ollos alporizados da filla. Pousou o ferro e colleu azos. Logo acenou cara o lume.

– Ei-lo que fica para min do teu pai. Borralla.

Calou un intre. Despois enfrontou a ollada coa da filla, mentres polo seu maxín pasaba por derradeira vez a suposta figura do Rufino, un eivado sen pernas que faría chora-las pedras de non ser porque o seu pensamento era incapaz de afastar da imaxe do tolleito outra ben diferente. A dunha muller, unha lurpia que outrora tirara o mellor do seu home e agora quería volverlle as sobras. Entón Adela víu tamén como a vella engurraba o cello e compuña un aceno de noxo. Dexergou o odio enchendo a ollada da nai. E por fin sentiuna cuspiendo de vez toda a xenreira que a consumirá durante tantos anos, estragándolle a vida:

– A que comeu a carne, que chupe os osos.

Adela ollou á súa nai saíndo da lareira. Logo fitou un intre para o lume da cheminea. Adeus, meu pai. Adeus para sempre. Axiña marchaba tamén ela da casa, alancando ata alcanzar á vella.

Era tarde, e habería xente esperando que abriran a tenda.



Xaime Naveira Pedreira

Naceu na Coruña o 28 de Xullo de 1968. O seu pai é natural de Malpica e a súa nai de Cesuras, e polo tanto, como a el mesmo lle gusta dicir, é fillo da Galicia mariñeira e da Galicia labrega. Dende moi pequeno foi sempre moi afeccionado á lectura, pronto comen-zou a facer as súas primeiras narracións breves. Nembargantes, pri-meiro os estudos, logo o traballo e despois os problemas de saúde, impedíronlle durante anos adicarse como el quixera á escritura. Xa na actualidade pode empregar o tempo que desexa a súa paixón favorita.

de Benito

Xaime Naveira Pedreira

Lembro que era unha noite de inverno. E alí estaba eu, daquela con quince anos recién feitos, sentado ó carón de meu avó mirando como as lapas consumían a leña na lareira. Non deixaba de sorprendeme como de cando en cando el metía as mans no medio do fogo para colocar mellor a leña sen queimarse e sen que siquera lle molestara a calor. Afora asubiaba o vento e a neve caía con tal forza na fiestra que parecía ser quen de rompela. Facía tanto frío que seguramente ata o raposo do monte quería estar tamén connosco xunto o lume. Os meus pais foran visitar unha tía que andaba delicada de saúde a xa dixeran que pasarían a noite con ela, de xeito que eu quedei co avó. Logo da morte da avó, o vello non estaba moi conversador e xa máis dunha vez eu o sorprendera sentado na leira que estaba detrás da casa mirando cara o cemiterio cunha bágoa baixando pola súa meixela.

El tiña o costume de beber un vasiño de augardente logo da cea, máis naquela noite tan fría tomara tres, según dixeran “para cuenta-lo corpo”, e penso que o corpo debía de telo ben quente e os miolos tamén, porque de súpeto, cando os meus ollos estaban xa a piques de pecharse por causa do soño, rompeu a falar e contoume esta historia.

“Aquel día o tempo era terrible, coma hoxe, se cadra peor. Nevaba moito, e o vento fora tan forte que votara abaixo os postes da electricidade e do teléfono, ademais de varias árbores na estrada, deixando a aldea illada. Somentes alguén como Francisco O Faldriqueiro podería morrer nun día así. Cando llo dixeran a Benito estaba a piques de comezar a cear e non quixo crer a nova, xa que Francisco tiña ben gañada a sona de ser o máis mentireiro dos arredores e ben podía ser aquilo unha invención que fixera chegar por outras persoas. Terminou o seu pratiño de caldo e saíu con moita calma cara a casa do morto.

Alí Benito puido comprobar que por unha vez algo que tiña que ver con Francisco O Faldriqueiro era verdade. O seu vecino matárase saltando polo valado da parte traseira da súa casa. Era un xeito moi estraño de entrar no seu fogar, pero Francisco soía facelo dende que Manolo O Feirante collera o costume de esperalo diante da porta cun coitelo de matar porcos para reclamarlle os cartos dunha antiga venda. Aquel día o vello valado non aguantou o seu peso e veuse abaixo con tan mala sorte que el esnaquizou a cabeza cunha pedra, morrendo no momento. A lei mandaba que fora un xuíz quen ordeara o levantamento do corpo, mais Anselmo e Gabriel, os dous gardas civís que dende

moitos anos coidaban pola seguridade dos veciños, logo de ver como a testa de Francisco estaba aberta coma unha noz no medio da neve e de darlle unha innecesaria patada de comprobación, decidiron que sen dúbida estaba morto e que fora recollido e levado ó interior da súa casa, xa que cun día así ningún xuíz podería chegar ata alí. Alguén dixo que a patada de Gabriel fora bastante forte, posiblemente en lembranza de vellas débedas que Francisco tiña con el tamén.

Tampouco había xeito de chamar á funeraria para encargar o ataúde, así que despois de reflexionar, viúva e veciños acordaron que alguén tiña que ir camiñando a Betanzos e volver o seguinte día co cadaleito no tren se era posible. Únicamente Benito coñecía o camiño máis curto a través do monte, por telo feito co seu bisavó tempo atrás, así que tocoulle a el, moi ó seu pesar.

De xeito que o mozo, moi ben abrigado, coa noite xa pechada, collera cara a Betanzos bastante enoxado, non somentes por ter sido escollido para unha viaxe non desexada, senón tamén porque o morto non era tampouco das súas simpatías.

Afortunadamente, a tempestade amainou pronto e inda que facía bastante frío, sentiuse máis tranquilo. Por iso empezou a pensar nun asunto que o tiña algo desacougado dos derradeiros días. A súa namorada, Luisiña, a filla do Rubio, parecera perder interés por el ultimamente e puxera os ollos en Antón de Soneira. Non entendía que podía ver Luisiña naquel rapaz que sempre andaba todo cheo de razón cous seus traxes a medida feitos na Coruña. Sen dúbida, a casa de Soneira era a máis rica da parroquia, unha casa grande, como se lles chamaba daquela. Tiñan vinte vacas e máis de trinta ferrados de terreos para cultivo. Na casa de Benito somentes había tres vacas e dous ferrados mal feitos. Resistíase a crer que fora por iso polo que a rapaza fíxrase en Antón de Soneira, mais non atopaba ningunha outra razón. De feito, era moita xente a que decía que o rapaz de Soneira era tontiño perdido, xa que fora criado con todos os antollos e nunca traballara en nada que se soupera. Sabía lucir moi ben o tipo o día do patrón, pero no baile non era quen de sacar a bailar unha moza e moito menos de fallarle, ata o punto de que cada ano facíanse apostas acerca de se Antón bailaríase con algunha rapaza o día da festa.

Entretido por estes pensamentos, Benito levaba largo rato camiñando cando se decatou de que non coñecía o lugar onde se atopaba. Mirou ó seu redor e voltou sobre os seus pasos un bon treito, mais de noite, todas as árbores, rochas e camiños cubertos de neve semellaban iguais, así que decidiu buscar un sitio onde descansar un pouco e agardar a chegada do día para continuar o seu camiño con máis seguridade. Estaba furioso por terse perdido coma un neno pequeno. Atopou un lugar que lle pareceu axeitado no tronco oco dun enorme carballo, queimado tempo atrás por algún lóstrego, meteuse dentro e canso como estaba, non tardou en quedarse durmido.

Posiblemente algún pisou un fieito e iso fixo que Benito despertara. Non sabería decidir se eles o virón antes que el se decatara de que se achegaban.

Somentes sentíu un enorme arrepío cando os viu camiñar cara a árbore cubertos cos seus hábitos e capirotos brancos e aqueles enormes cirios encendidos. Serían a lo menos doce, inda que non chegou a contalos, e cando atoparon o mozo deitado dentro da árbore nun lugar tan alonxado de calquera aldea detivéronse sorprendidos. Benito case no era quen de falar.

– ¿So... so... sodes a Santa Com... Com... Compañía? -tatexou.

– E logo, ¿íamos ser da Penosa? -respostou o que camiñaba primeiro do grupo. Houbo uns intres de silencio ata que o que facía o derradeiro da fila, logo de fixarse no mozo, adiantouse rapidamente.

– Benito... ¿Es ti? Meu Deus, que ledicia, por fin unha faciana coñecida -berrou. O que falara primeiro parouno cun xesto severo.

¿Daquela ti coñeces a este paspán? Pois xa podes preguntarlle que fai aquí a estas horas.

Non o había de coñecer. Se case lle ensinei a camiñar. ¡Benitiño, meu neno, dame unha aperta! -respostou o fantasma.

– ¿Pero quen es ti? -certou a preguntar Benito que inda non podía crer o que lle estaba acontecendo.

– ¿Quién son? -dixo el. E botando cara atrás o seu capuchón, deixou que o mozo puidera coñecer a súa identidade.

– ¡Francisco! -exclamou Benito-. Francisco O Faldriqueiro. Pero... pero... non pode ser. Ti estás morto.

– Estou vendo que este mozo inda é máis paspán do que semellaba -volveu a falar o que semellaba ser o xefe do grupo.

– Pero meu neno, ti mesmo dixeches fai un intre que somos a Santa Compañía ¿non? Pois daquela claro que estou morto. Hoxe mesmo, logo de caerme do valado -explicou- a miña alma foi voando cara o ceo. Eu andaba moi seguro das miñas posibilidades de ter entrada directa, mais nas portas San Pedro detívome e mandoume pasar douscentos anos coa Santa Compañía para purgar os meus moitos pecados, inda que non sei a cales se refería.

Benito quedouse mirando para el con cara de parvo ata que, finalmente, cun sorriso, deulle unha palmada no brazo e díxolle.

– Ben, Francisco, tiñas inventado boas historias, pero con esta mello-raches todas. Ata atopaches uns amigos para que te acompañaran co conto.

Todos os do grupo miráronse entre eles buscando unha explicación. Somentes o xefe decidiu falar de novo.

– Paréceme a min que este mozo non é ben do seu tempo.

– Escóitame, Benito -terciou Francisco-. ¿Ti non me viches morto fai unhas horas na leira da miña casa? ¿Cres que aquilo era inventado?

O sorriso borrouse da faciana de Benito. Evidentemente, el mesmo o vira.

– “Entón, verdadeiramente -pensou mentras os miraba detidamente-
¿Esta é a Santa Compañía?”

Ante tan terrible realidade tivo que apoiarse na árbore para non caer.

Estou lendo as dúbidas no teu pensamento. Claro que somos a Santa
Compañía, meu neno -afirmou Francisco-. Dime ¿qué fas aquí a estas horas?

Ía... eu ía cara a Betanzos na procura do... do... do teu cadaleito.

Moitas grazas por facelo cunha noite así, meu neno, pero por aquí
non é o camiño.

Xa o sei -contestou Benito que inda non podía crer que estaba a falar
cun morto-. Mais eu andaba pensando noutras cousas e perdínme.

– ¿Estabas pensando en Luisiña verdade? -preguntou Francisco
sorrindo.

– ¿E ti cómo sabes iso?

– Nós podemos ler o teu pensamento, meu neno. E por iso sei o pro-
blema que tés co rapaz de Soneira.

– Paréceme moi ben -respostou Benito un chisco máis tranquilo-. Pero
iso é cousa miña e agora o que quero e que sigades o voso camiño e pola mañá
eu seguirei o meu.

– Non teñas tanta presa Benitiño -dixo Francisco que parecía disfrutar
moito con aquela situación-. Eu podo axudarte a solucionar o teu problema,
mais terás que facerme un favor.

– ¿Qué clase de favor?

Francisco invitouno a sentar con el xunto a árbore mentres os seus
compañeiros se acomodaban nos arredores.

– Eu teño un tema pendente na vida que deixei hoxe -contoulle en voz
baixa.

– ¿E cal é?

– A miña muller andaba co boticario e eu non sabía nada. Entereime
hoxe logo de romper a testa na leira. El foi o primeiro en chegar en falaren os
dous. Estaban moi felices de que eu morrera. Polo visto o moi cabrón andivo
a serrar na parte baixa do valado para que caera cando eu saltara por riba.

– ¿Cómo que non sabías nada? -interrogoulle Benito- De que a túa
muller andaba co boticario estaba enterado ata o can tolo do cura.

Francisco abriu os ollos como pratos.

– ¿Daquela todo o mundo o sabía menos eu?

– Pois claro -dixo o mozo con rotundidade-. Eu pensaba que coñecías
o asunto pero que non facías nada porque lle debías tamén cartos ó boticario.

Francisco mantivo silencio uns intreiros antes de seguir falando.

– A ela xa a teño perdoada. Fíxenlle moitas, rapaz, non me estraña que estivera cansa de min. Mais sexa como sexa, el serrou no valado para que eu caera esta tarde. ¿Iso é un asasinato non si?

– Home, eu non sabería decirte, pero semella que si.

– Entón tes que facerme un favor -dixo achegándose máis a Benito.

– ¿Un favor? Facerche a ti un favor non leva nunca a boa parte.

– ¿Pero cómo dis iso meu neno? - O defunto Francisco parecía anoxado-. ¿Engañeiche eu algunha vez?

– Parece mentira que digas tal cousa -agora era Benito o que estaba enfadado-. A túa sonda de mentireiro chegaba ata A Coruña e inda lembro cando lle vendiches a vaca cega ó meu avó.

– ¿Xa tiña que saír esa historia!. Ti cres o que che contan, rapaz.

– ¿E logooooo -berrou Benito poñéndose en pé cos brazos en xarrasvas dicir que a vaca non era cega? Pois xa me explicarás porque cando a traían do prado, no lugar de entrar no cortello coas compañeiras, íase cara á cociña a comer no pote do caldo que estaba a facer miña avóa.

– Pero meu neniño, todo o mundo sabía que a túa avóa facía o mellor caldo dos arredores. Ata Don Faustino, o cura que tivemos antes, decía que se non fora pecado usaría o seu caldo para beber na misa no lugar do viño. E a vaca, que non era cega pero si moi lista, metíase na cociña para probar aquela delicia.

Benito escoitou aquilo con pasmo.

– Está claro que morriches Francisco, pero a habilidade para mentir non a perdiches. Hai que ver o rápido que eres para inventar historias.

O Faldriqueiro púxose en pé.

– Xúroche polos meus mortos que che digo a verdade. -Neste intre todos os membros da comitiva miráronlle sorprendidos-. Perdón, non quería molestar -díxolles antes de dirixirse de novo a Benito-. Tesme que facer este favor, rapaz. Queda por min esta noite coa Santa Compañía mentres eu vou ó pobo para vingarme.

– Pois xa me dirás que gaño eu con iso. Francisco sorriu.

– Ti gañas que aproveitando a viaxe arreglo os teus asuntos con Luisiña e o rapaz de Soneira. Se me fas este favor prométoche que a partires desta noite esa rapaza somentes pensará en ti.

A verdade é que non sei se podó fiarme, pero si me arreglas o de Luisiña fásme o favor da miña vida. Déixame que o pense -pediulle Benito.

Non temos tempo meu neno. Únicamente o podó facer pola noite. Polo día nos convertimos en rochas -insistiu Francisco.

Benito estaba feito un mar de dúbidas. Deu un par de voltas arredor da árbore, estivo un par de minutos mirando cada o ceo, e finalmente achegouse de novo ó seu defunto veciño.

– Ben, imos facelo como ti dis -afirmou con seguridade-. Espero non ter que arrepentirme disto.

– Non te arrepentirás rapaz -animoulle Francisco poñendo as mans sobre os seus ombreiros.

– Un momentíño -dixo de súpeto o xefe-. O regulamento da Santa Compañía non contempla estes cambios a menos que todos nós estemos de acordo.

Francisco e Benito quedaron calados mentres os demais formaban un pequeno círculo un pouco máis lonxe e comenzaban a falar entre eles en voz baixa. O debate empregoulles varios minutos ata que o que levaba o mando volveuse de novo cara eles.

– Moi ben. Todos dixeron que si. Mais o rapaz ten que comprometerse a que si Francisco non volve antes do día, será el quen cumpla o seu castigo de douscentos anos coa Santa Compañía.

Benito púxose máis branco que calqueira dos cirios que eles levaban. Era unha decisión moi difícil, mais a posibilidade de conquistar o amor de Luisiña era algo demasiado importante.

– Está ben -respostou en voz baixa-. Se el non volve, eu quedarei no seu lugar.

Dito e feito, nun momentíño o defunto quitouse o seu uniforme e púxose a roupa de Benito, quen pola súa parte votouse por riba o hábito máis o capirote e colleu a vela correspondente. Unha vez preparados, morto e rapaz déronse unha aperta emocionada e a continuación Francisco votouse a camiñar pola corredoira. Cando o viu alonxarse na obscuridade, o mozo sentiu que viña de cometer o erro máis grande da súa vida, xa que deixara o seu futuro nas mans do maior mentireiro que coñecía. A tristura que lle invadiu foi tan grande que caeu de xeonllos a piques de empezar a chorar.

Veña rapaz -díxolle o xefe do grupo achegándose a él-. Non o pasamos tan mal.

¿Non o pasades tan mal? -respostou Benito sen mirarlle-. Seguro que é moi divertido andar polas noites batendo nas pedras ou encerellándose nas silvas.

Non te creas. Se queres oílas, temos historias moi entretidas para contarche. Ponte cómodo e escóitanos.

Con desgana e tropezando co seu hábito, o rapaz sentouse novamente na beira da árbore. O xefe acomodouse moi preto del.

– Escóitame. Cada un de nós ten un motivo para estar aquí. Todos temos que penar polos nosos pecados por algún tempo. ¿Ves aquel dali? -dixo sinalando un que estaba sentado no tronco caído dun piñeiro-. Pois ese burrazán está aquí por unha aposta.

– ¿Por unha aposta?

Foi o propio interesado quen lle respostou.

Sí, por unha aposta. E a cuestión é que a gañei.

Veña -pediulle o xefe- cóntalle a túa historia ó rapaz para que tamén el se ría de ti.

Pode rirse todo o que queira, pero a aposta gañeina eu -dixo con moita seriedade-. Verás, neno, eu chamóme Luis o da Leona. Chamábanme así por que miña nai tina moi mal carácter. Se cadra tes oído falar de min.

Claro que sí -respostou Benito sen dubidar-. Decían de vostede que xamais perdeu unha aposta na súa vida.

Pois así é. O caso foi que despois de gañar todas as apostas que fixen, un veciño meu propúxome unha que dixo que non podía gañar de ningún xeito. Según el eu non era quen de acertar o día que ía morrer. Díxenlle que si, e entón apostamos que se eu acertaba no día pois el había de pagar o meu enterro e se non acertaba tiña que regalarlle das miñas fincas a que escollera. Preguntoume daquela que día ía morrer. Eu penseino un intre e díxenlle: Vou morrer o catro de Xaneiro do ano que ven.

¿E qué pasou? -preguntou Benito moi interesado.

Pasaron os meses -continuou Luis- e todo o mundo facía burla de min decindo que era imposible que acertara porque na miña vida visitara ó médico e estaba san coma un neno. O meu veciño mantiña a aposta moi seguro, ata lle tiña o ollo votado á mellor das miñas leiras que estaba a carón do rego. O día tres de Xaneiro fun a taberna. Invitei a tódolos meus amigos e dinlles unha aberta de despedida. Eles non paraban de rir. Pola mañá cedo, xa no catro de Xaneiro, erguime, fun á palleira cunha corda das vacas, ateiña nunha viga e colgueime. Cando cheguei ás portas do ceo, San Pedro non me deixou entrar decindo que eu era máis bruto que calquera besta e que tiña que pasar trescentos anos coa Santa Compañía para penar tan tremendo pecado de terminar coa miña vida.

¿Entón colgácheste para gañar unha aposta?

Pois si -dixo o outro moi fachendoso-. Agora o que non sei é se o meu veciño pagou o meu enterro ou non.

Cando o escoitaron falar con aquela seriedade votaron a rir con tantas gañas que case caeron polo chan. No medio das gargalladas, un deles espirrou con forza.

Xa está outra vez co catarro -rosmou outro dende o fondo.

Ai Manoliño -díxolle o xefe ó que botara o espirro- mira que che teño dito que andes abrigado. Pero nada, -faloulle agora a Benito- non hai nada que facer con el. En calquera momento di que ten moita calor, quítase o hábito e logo pasa o que pasa.

¿E como é que colle tan fácil os catarros? -inquiríu Benito con inxenua curiosidade.

¡Porque está nos osos! -contestou o que falara antes.

Ante esta resposta, comezaron de novo as gargalladas con tal forza que parecía que habían de romper. O rapaz, sorprendido pola escea, non sabía se debía rir ou chorar.

Xa te avisei Manoliño -engadiu o xefe, que non podía parar-. Non penso mandar a ningún destes de novo a escorrenar un boticario e logo mangarlle un frasquiño de Vicks Vaporub para ti.

Daquela -argumentou Benito con seriedade- vaise poñer malo de verdade.

¿E qué máis lle ten se xa está morto? -berrou un deles.

Agora sí que foron moitas as risas. Ata ó rapaz deulle tan forte que tivo que votar as mans ó bandullo pensando que se ía romper. Semellaba ter esquecido con quen se atopaba e o frío que facía. Cando conseguiu parar, decatouse de que un dos membros do grupo permanecía un pouco alonxado sen participar na troula dos seus compañeiros.

¿Qué lle pasa a aquel dalí? -preguntou de novo.

Está algo preocupado estes días -respondéronlle-. El mesmo pode contactar a súa historia.

Tódalas miradas volvéronse cada o aludido quen ó decatarse preguntou que ocorría.

– Anda, Xosé, cóntalle o teu problema ó rapaz.

– ¿E para qué? -volveu a preguntar o tal Xosé-. Non creo que el poida arranxalo.

Despois de moitas insistencias de todos eles, incluso do mozo, decíduse a falar.

Eu son a alma de Xosé García. Deixei o mundo dos homes fai xa vintecinco anos. Daquela traballaba como pintor e non me marchaban mal as cousas, fun dos primeiros do meu concello en ter coche, e precisamente un día que viña conducindo coa miña dona de volta para casa logo de estar de festa na casa dun dos meus irmáns pasou o que pasou. Supoño que eu bebera un poco máis da conta, o caso foi que nunha curva perdín o control e saímos da estrada coma un foguete. Alí se acabou todo para os dous, pero logo, cando as

nosas almas chegaron ás portas do ceo, San Pedro non me deixou pasar. Dixo que tiña que pagar non sómentes por conducir bébedo e causar o accidente, senón tamén según el por moitas outras cousas. De feito, á miña muller deixouna entrar case sen decirlle nada. Polo visto xa tiña ganado o ceo por terme aturado tanto tempo. A min mandoume pasar coa Santa Compañía os seguintes cincuenta anos.

Daquela inda che queda a metade -interrumpiulle Benito.

Así era ata fai unha semana -reafirmou Xosé, e logo continuou-. Fai uns días San Pedro, guardián das portas do ceo, mandoume chamar á súa presenza. Díxome: “¿Ti traballabas de pintor non si?” Eu respondiulle que si, claro. Entón mostroume as portas do ceo, enormes elas, e engadiu: “Estas portas xa van algo vellas. Son tantas as almas que por aquí entraron todas apuradas nestes case dous mil anos que non hai ningunha que non lles roce un pouco. E así están, precisan unha boa man de pintura. E para iso pensei en ti. Quero que dentro de dez días veñas por aquí con todo o material que precises e se fas un bon traballo entrarás no ceo directamente.”

O pintor fixo unha pausa antes de continuar.

– Naquel momento a oferta pareceume estupenda e díxenlle que sí. Mais cando xa ía vir de volta, como profesional do meu traballo que son, preguntei se lle interesaba algunha cor en especial. O Santo guardián pensouno un momentíño e dixo: “Gustaríame en branco, claro. Teño oído falar dunha pintura ecolóxica que da moi bon resultado, así que poñeremos desa”. Eu pensei que toleaba cando me dixo aquilo, xa que a pintura branca ecolóxica é sómentes para os interiores e así llo fixen saber. Pero el xa tiña unha idea fixa, e por riba quixo que fixera o traballo con rolo e non con brocha, según parece para acabar antes sen molestar moito ás almas que teñan que entrar no ceo e non zarrapicar por alí, porque góstalle telo todo moi limpo. Xa se sabe que o cliente sempre ten a razón e non lle quixen discutir. E de certo estaba moi seguro do que quería, porque antes de marchar atrevínme a preguntarlle de novo se era esa a cor que quería para as portas do ceo e díxome: “Si, Xosé, branco ecolóxico, por suposto.”

O rapaz escoitaba a historia con enorme interese e novamente tiña unha pregunta que facer.

¿E cal é o problema?

Pois o problema -dixo Xosé- é que nesta derradeira semana xa entrei pola noite en tres tendas diferentes de pinturas e non fun quen de atopar o condenado branco ecolóxico e tampouco un rolo axeitado. O tempo se está esgotando. San Pedro deume dez días para empezar o traballo e sómentes quedan tres. Ademais, entereime de que un tal Van Gogh, que está tamén castigado por terminar coa súa vida e por cortarse unha orela, ofrecéuselle para facer o choio antes que eu e así poder entrar no ceo.

E logo de decir isto, rompeu a chorar sen control sobre a mesma rocha na que estaba sentado, deixando a todos os presentes cheos de tristura, incluso Benito que non quixo preguntar nada máis para non amolalo.

O tempo foi pasando en silencio. O rapaz entretívose ollando as moitas estrelas que embelecían o ceo aquela noite, agora despexada logo da tormenta, máis ben pronto, ó decatarse de que o amencer non tardaría moito en chegar, empezou a sentirse inqueda pensando que tal vez Francisco non volvería e el tería que desaparecer coa Santa Compañía para pasear cuberto co hábito e capirote durante os seguintes douscentos anos.

Cando o sol ameazaba con saír tras das montañas e Benito xa estaba a tremer coma un pitiño pensando no peor, por fin Francisco apareceu con paso apurado polo camiño nevado.

Perdoa rapaz -dixo nada máis chegar-. Non puiden volver antes, pero pagou a pena, porque deixei todo arraxado.

¿Queres decirme o que fixeches?

Agora non temos tempo. Chegou a hora de que nos marchemos, -respostoulle a feliz alma de Francisco-. Xa o verás cando volvas á aldea. Agora imos cambiarnos de roupa antes de que saia o sol e sexa demasiado tarde pra ti.

Así o fixeron rapidamente e cando estiveron listos, volveron a darse unha aperta.

Francisco -dixo Benito-, creo que foi a primeira vez que cumpriches a túa palabra.

Se cadra, meu neno -replicoulle cun sorriso- non son tan malo coma ti pensabas. Chegara o momento da despedida. Benito sentíu certa pena ó mirar cara aquelas almas que se dispoñían a continuar o seu camiño sen final. Saudou a todos un por un e votouse a andar esta vez polo camiño correcto hacia Betanzos para cumprir co seu traballo. Inda non fixera dez metros cando se volveu para miralos de novo. Alí seguían, paradiños, a mesma imaxen da tristura por ver partir a quen fora o seu compañeiro por unha noite. De súpeto, achegouse rapidamente a Francisco e díxolle en voz baixiña preto da orella:

Volvede a pasar por eiquí dentro de dúas noites. O Faldriqueiro mirouno con sorpresa.

¿E para qué?

- Ti faime caso -insistiulle moi serio-. En dúas noites volvede a pasar xunto a esta árbore.

E sen máis palabras, volveuse e un minuto despois perdeuse de vista.

Tal e como lles dixera Benito, dúas noites despois o grupo da Santa

Compañía pasou polo lugar indicado. Contaban de que o mozo estaría alí, se cadra para pasar outro bo rato de conversa con eles, mais no seu lugar, atoparon unha carta agochada entre os feitos preto da árbore. Abrírona con evidente nerviosismo. Decía así:

“Amigo Francisco:

En primeiro lugar, non sei como agradecerche o que fixeches por min. Luisiña non se separa do meu carón. Polo que me contou, a noite que estiven cos teus compañeiros e ti viñeches á aldea, Antón de Soneira, a pesares do tímido que é, encontrouse con ela e tentou de bicala empuxado por un impulso irresistible. Supoño que neso estivo algo da túa maxia, e tamén en que cando se achegou a ela, a rapaza sentiu no seu alento un cheiro mestura de pataca podre e allo como nunca antes vira e saíu pouco menos que escorrentada. Díxome que tanto lle teñen as vacas e as leiras dos Soneira, porque somentes me quere a min e ademais aquel cheiro non é quen de aturalo. Tamén foi moi efectiva a visita que lle fixeches ó boticario. Según me contou meu pai, esa noite saíu espido da súa casa berrando coma un tolo que te vira na súa habitación durmindo na cama e dende entón ningún sabe nada del.

Podes decirlle a Luis da Leona que averigüei que o seu vecino pagou a aposta e fíxolle un enterro moi xeitoso. Ademais, por acordo do seu concello, adicáronlle unha praza no pobo e puxeron unha placa que di: En lembranza do noso veciño Luis da Leona, o maior burrazán que se coñeza e que xamais perdeu unha aposta.

Dalle saúdos a tódolos teus compañeiros. Ogallá teñades moita sorte e moi pronto poidades gañar ese ceo que tanto dexesades.

Unha aperta: Benito.

Nota: Espero que o paquetiño que vos deixei sexa útil.”

– Paquete... ¿qué paquete? -preguntáronse.

De inmediato empezaron a buscalo. Un deles ó atopou de seguida moi preto de onde estaba a carta. Cando virón o seu contido sorriron con ledicia.

Dentro do paquete había un frasquiño de Vicks Vaporub, un rolo e un gran bote de pintura cor branco ecolóxico, por suposto.”

Esto foi o que me contou aquel velliño xunto a laeira. Eu non perdere detalle da historia, mais cando acabou xa case non me tiña en pé co soño, así que mandoume deitar sen que poidera facerlle ningunha pregunta. Agora que el xa non está entre nós non podo saber se esta historia foi verdade ou ben froito dun exceso de augardente na súa cabeciña. Deixo que sexa o amable lector quen decida o que lle pareza mellor. De calquera xeito, para min é a mellor lembranza que teño do meu avó.



Manuel Rodríguez López
Filho predilecto de Paradela

Biografía

MANUEL RODRIGUEZ LOPEZ, poeta, cronista e traductor, naceu en Randulfe, San Miguel de Paradela (Lugo) o 11 de decembro de 1934. Residiu na emigración en Barcelona dende os seis anos ata 1987, data na que se afincou definitivamente na cidade de Lugo, onde faleceu o 13 de febreiro de 1990.

Fixo estudos de Humanidades e Filosofía no Seminario Diocesano de Barcelona, e de Contabilidade e Lexislación Laboral. Traballou como xefe administrativo do departamento de personal nunha industria siderometalúrxica.

O longo da súa vida demostrou unha gran preocupación pola cultura e por Galicia, tanto na súa longa emigración en terras catalanas, onde chegou a ser cronista de tódolos actos referidos a Galicia celebrados en Catalunya, coma unha vez establecido en Lugo.

Froito das súas actividades literarias, publicou diversos libros, permanecendo parte da súa obra inédita. En verso publicou: "POEMAS POPULARES GALEGOS" (1968), "SAUDADE NO BULLEIRO" (1970), "SOLDADA MINIMA" (1979), "ONTE E HOXE VIVENCIAL" (1995) e "A ATLANTIDA" (1995), traducción ó galego do grande poema épico catalán de Jacint Verdaguer. En prosa: "REENCONTRO COA ALDEA" (1983), "GALEGOS EN CATALUNYA 1978-1982" (1983), "GALEGOS EN CATALUNYA-2" (1985), "VIAXES CON ANXEL FOLE" (1988), "FESTA DA VIRXE DAS DORES DE PARADELA 1989" (1989), libro-programa das festas e "VOLTA A ESPAÑA A PE" (1990), traducción ó galego do libro de Manolo Silva.

Ademais, colaborou en diversos libros colectivos, entre os que se atopan "HOMAXE O CHE" (1970), "A NOSA TERRA" (de "Libro de Oro", no centenario de Ramón Cabanillas) (1976), "HOMENAXE MULTINACIONAL A CASTELAO" (1976), "GALICIA NO ANO 1979" (1979), "JOSE M^a ACUÑA" (1983), "OS ESCRITORES LUGENSES ARREDOR DE FOLE" (1986), "VOCES POETICAS" (1987), "PARADELA Y SU CONCELLO" (1990) e "ALIAD-ULTREIA. POESIA. PINTURA" (1993).

Entre a bibliografía sobre Manuel Rodríguez López inclúense obras como "Gran Enciclopedia Gallega" (ver tamén o apéndice I), "Medio cento de galegos e Rosalía" (1983), "88 gallegos: una tierra a traves de sus gentes" (1983), "De Pondal a Novoneyra" (1984), "Diccionario de escritores en lingua galega" (1990), "Un paso de poesía. Poesía Galega 1961-1975" (libro e vídeo, 1993) "Diccionario da literatura galega. I. Autores" (1995),

Fillo predilecto de Paradela

“Diccionario de Fole” (1997), “Alén do azul. Unha ducia de poetas galegos en Catalunya” (1999) e “Vida e obra de Manuel Rodríguez López” (2000).

Acadou numerosos premios, entre os que destacan os primeiros premios de poesía Meigas e Trasgos de Sarria nos anos 1976 e 1980 cos poemas “TI ES ETERNO” e “NEOPLASIA”, respectivamente; o Premio Xosé M^a Chao Ledo no III Certame Literario de Vilalba, en 1977, con “A EMIGRANTE” e o primeiro premio do Certame Literario de Begonte en 1985 coa obra “NOITE DE NADAL”.

En prosa, coa peza teatral “VIVIMOS UNHA LONGA TRAXEDIA”, conseguiu o primeiro premio Nós de Barcelona en 1980. En Sarria, mereceron o premio Meigas e Trasgos os seus contos “A MEIGUIÑAMEIGA E OS TRASGOS” (1977) e “QUEN ME DERA ATOPARME CO TRASGO” (1986) e, en Baracaldo, “BAIXA VOLUNTARIA” (1978). Nos Premios Galicia de Xornalismo, quedou finalista na sección de Reportaxe, nas convocatorias de 1985 e 1987.

Manuel Rodríguez López colaborou asiduamente en medios informativos de Galicia, Catalunya e Arxentina. Publicou gran cantidade de artigos en diversos xornais e revistas de Buenos Aires; en Coordinadas e Dorna; no Boletín, en Treboada e Alborada do Centro Galego de Barcelona, do cal foi Cronista Oficial. Foi corresponsal de Faro de Vigo e de El Ideal Gallego na Cidade Condal, onde firmaba como MANUEL-ORESTE R. L., e habitual colaborador de El Progreso de Lugo, La Voz de Galicia e Praza Maior (voceiro do Concello de Lugo). Ademais, colaborou en temas de historia lucense, monumentalidade e viaxes en Radio Nacional de España en A Coruña e Radio Popular de Lugo.

Suso Vaamonde, Xerardo Moscoso, Alfredo González e M^a Carmen Otero musicaron e cantan varios dos seus poemas en numerosos recitais.

Co gallo do seu pasamento, foi nomeado “Fillo Predilecto do Concello de Paradela” e “Lucense del año 1989”. En 1990 inaugurouse a Casa de Cultura de Paradela “Manuel Rodríguez López” e, no ano 2001, o novo “Centro Socio-Cultural Manuel Rodríguez López” tamén na capitalidade do Concello que viu nacer ó poeta paradelense. Dende 1995, vense celebrando cada ano o Certame Literario Manuel Orestes Rodríguez López, organizado polo Excmo. Concello de Paradela.

Retranca e humorismo

O celme máis enxebre da sensibilidade popular atópase, a pouco que se pescude, a moreas, nas aldeas de Paradela, parolando cos paisanos, depositarios da lingua, sabedores dos costumes ancestrais e mestres á hora de compangar a retranca e o inxenio coa doada facilidade imaxinista e co humorismo que lles ven de vello.

O paisano galego é un sicólogo nato para captar axiña o bo e o malo; é un home de espírito inqueda, que non cansa de cismar e profundar nas vivencias íntimas da alma, de canto o cingue e dos aconteceres de cada día para logo desenvolver a súa sensibilidade creadora, aleccionarnos coma un pedagogo con contos sarcásticos ou pícaros, raposeiros ou cun aquel de amolar un nisco, pero sen ferir a ninguén e sempre cun engado enxebremente galego.

Lémbrome de moitos personaxes, ós que troco o verdadeiro nome, capaces de facer felices ós seus oíntes a carón da lareira, no café, nos intres de folganza no tempo da seitura ou nas mallas, contando trouladas e lerías, de vagar, e sen présa.

O Ramón do Costas era da parroquia de Castro de Rei, do lugar de San Martiño. Na festa do Rosario, os compañeiros fixéronlle crer que a mestra estaba namorada del e o bo do rapaz, sen cavilalo un intre, estreveuse a falarlle. Ela, seguindo coa lería dos mozos, díxolle:

– Gustar gústasme, pero eu non me afaría na casa dun labrador.

E el contestoulle:

– Na miña casa non somos labradores. O meu pai é tratante de carnes e untos. Vende untos por centos de toneladas.

Tamaña fachenda valeulle o alcume de “Ramón dos Untos”.

Tamén era moi popular o Benigno de San Vicente. Sucedeu que o cacique do pobo, da casa do Secretario, tiña un encargo urxente para Lugo e aló mandou ó Benigno que foi e veu alancando no día.

Don Ramiro díxolle admirado:

– ¡Vaia ho! ¡Nin que foras un “paquete” facturado volvías máis axiña!

Dende aquela, ó Benigno, quedoulle “O Paquete”.

Outro paisano moi interesante era o señor Pedro de Millerados, que estivera empregado de fogoneiro no ferrocarril aló en Monforte. Por mor dun accidente, quedáralle unha perna máis curta ca outra e deron en chamarlle Patachica, alcume que, co tempo, convertiuse en “Pataquiña”.

Podía falar de moitos homes “célebres” de Paradela; pero, dos vivos de hoxe en día, o Avelino de Randulfé quizais sexa o máis popular. El sabe choscar o ollo con picardía e aledar as xuntanzas de amigos cos seus acudidos ateigados de retranca, que non esmorecen nin se murchan, porque teñen a orixe no sustrato espiritual do humor que aniña dentro de nós mesmos.

Manuel Rodríguez López

Do libro “HISTORIAS E XENTES DE PARADELA”

Inédito

Estorias do cruceiro

I

Il degora, con teima, ser canteiro,
deprender a crear santos de pedra,
poetas coroados de verde edra,
moimentos que falen e un cruceiro.

Pero aínda é un neno... un neno garoleiro,
un picariño que relouca e medra,
valente e rexo, que enxamáis se arreda,
nen teme o sol, nen lle arrepción o xieiro.

Il vai co gando ó monte Carballedo
e longas horas, con afán cincela,
pra percurarlle vida, aquil penedo.

Ninguén lle adeprendeu regras nen artes,
nen tén mais ferramentas que a martela
e o cincel, compañeiro a todas partes.

II

A por de vocación o bon labrego
trocouse nun canteiro de gran nome
e o pregoeiro de onte agora é un home
soado por artista e por galego.

Adicóuse, afeuzado, ó seu emprego
e fixo que o Cruceiro de renome
eternas primaveiras sempre agrome
ollado pola xente con apego.

O rubro do canteiro ó pé labrado,
humildoso mestúrase ca terra
debaixo de Xesús crucificado.

A Virxe das Delores tén no colo
a Cristo morto. O cadro, ¡cómo aterra!
¡Pra unha mai o seu fillo sempre é un rolo!

III

Estoupan os foguetes polo ceo,
a música enche todos os recantos,
saen en procesión da igrexa os santos
i o camiño, afervoado, avanta cheo.

A mocidade enceta un parrafeo,
a vila esquece un intre door e prantos,
da caste Celta óvense enxebres cantos,
atruxos i o gaitero garuleo.

O Cruceiro, enfeitado con bandeiras,
preside a festa do Patrón do pobo
i abenzóa ós paisáns i as sementeiras.

Non é penedo morto, amorfo ou cego;
é o compañeiro fidel, sempre novo,
¡fillo do inxenio do solar galego!

IV

Vello amigo da miña mocidade,
Cruceiro forte e rexo no camiño,
¿de cál fontenla as augas ou qué viño
bebes que azos che dá de eternidade?

Nómada sempre, dende corta idade
gastéi as forzas, contra o meu destino,
sen agarimo, sen amor, sen niño,
loitando no arrabaldo da cidade.

Pra acollerme os teus brazos sempre abertos,
fuxín daqueles lóbregos desertos.
Torno vello, fendido do traballo,
ermo na ialma, feito un espantallo.
-E pois, de mozo, nada che déi; morto
seréi fiz, feito estrume do teu horto.

V

“¡Ben chegado, meu vello, á miña veira!
¡Qué esgurripiado vés! No teu desterro

Fillo predilecto de Paradela

¿non escoitabas o meu doce berro?
¿Por qué á terra emigraches estranxeira?”

“Marchéi coidando que faría feira lonxe da terra Chá” “Pagáchelo erro. Agora, ¿qué cubizas?” “Ter enterro e o teu perdón na viaxe derradeira.

Seréi erba ou mapoula, e cando o Norte pase bicando as edras i as ortigas, ciscando ñas moléculas de morte, xugaréi, rebuldeiro coma os nenos, a sementarme. E cantaréi cantigas enxebres, feito arguxos ben pequenos.”

VI

Tódalas mañás érgueste, Cruceiro, desfeito en bágoas. Qué pasou, meu santo?
¿Por qué tal desacougo, tanto pranto?
¡Olla que o merlo chirla na ameneiro!”

“Non me fire o trebón nen o xieiro, nen me aterra do corvo o mouro canto.
¡Choro polo emigrante, nun recanto feito estrume no edoso cimiterio!

O rodicio da diáspora n-acouga, os adeuses ateigan as estradas i a bisbarra chairega fica vouga; que, en troques de xunguirse, a nosa xente os folgos verte noutras chans queimadas ¡méntrala Patria escóase doente!

Manuel Rodríguez López
Do libro “SAUDADE NO BULLEIRO”
(Edicións Celta-Lugo, 1970)



CONCELLO DE PARADELA



CONSELLERÍA DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

